

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 23 de MARZO DE 2018**

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 23 de marzo, ás DOCE HORAS.

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/18, do 23 de febreiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, do 20 de febreiro de 2018 ao 19 de marzo de 2018.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

3.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar os Cursos na sede da Coruña no ano 2017.

Comisión de Deportes e Mocidade

4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hóckey Club Liceo de La Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na OK Liga e na Copa de Europa de hóckey, no ano 2017.

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario Ferrol correspondente á subvención nominativa para financiar a participación na liga feminina de baloncesto no ano 2017, na Copa Raíña e no Título Play offs.

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Básquet Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na competición LEB Ouro, no ano 2017.

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Santiago Futsal correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 1ª División de Fútbol Sala no ano 2017.

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rácing Club Ferrol, correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a "Escola deportiva: Promover, apoiar e difundir o deporte base" durante o ano 2017.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

9.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2018. Segunda fase: mellora do firme con MBQ na DP 4307 Malpica a Ponteceso e mellora do firme con MBQ na DP 2403 Cerceda a Xesteda.

10.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2018, segunda fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para execución das obras.

11.-Aprobación da cuarta modificación das bases reguladoras do Plan provincial de medio ambiente (PMA).

12.-Aprobación do inicio do expediente de expropiación forzosa con trámite de urxencia para ocupar os bens e dereitos necesarios pola execución das obras incluídas no proxecto mellora da intersección da estrada DP 1703 Espírito Santo a Fraís pq 2+500 coa estrada AC 214 Guísamo-Sigrás (Bergondo)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

13.-Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a utilización e xestión compartida do Teatro Colón.

14.-Aprobación da modificación da composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña designada por Resolución da Presidencia número 39427 do 13 de decembro de 2017.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

15.-Aprobación da segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2017 por maior achega provincial

16.-Aprobación do segundo proxecto modificado da obra “Acondicionamento da praza do colexio de Xuvia” do Concello de Narón, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015 (código 2015.3110.0294.0)

17.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Rehabilitación e conservación da Casa da Cultura de Santa Comba” do Concello de Santa Comba, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 3ª fase (código 2015.3110.0160.0)

18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Moeche para o financiamento da “Mellora e aforro enerxético da iluminación pública accesos e arredores da feira”

19.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Teo para o financiamento do investimento “Mellora de accesibilidade en diversos puntos do Concello de Teo. Fase II”

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

20.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de febreiro de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 28 de febreiro de 2018.

21.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 28/02/2018 e proxección a 31/12/2018.

22.-Dar conta da liquidación do orzamento do exercicio 2017 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

23.-Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 2/2018.

24.-Tomar coñecemento do informe sobre os recursos provinciais asignados a concellos e outras entidades locais da provincia, así como a entidades, persoas físicas ou xurídicas no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017.

25.-Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame, apartado 9 do artigo 6.

26.-Dar conta dos plans orzamentarios a medio prazo 2019-2021.

27.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia núm. 7.639 do 28/02/2018 sobre nomeamento de persoal eventual.

28.-Dar conta da liquidación consolidada do orzamento do exercicio 2017 da Deputación Provincial da Coruña e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

29.-Aprobar a proposta da Presidencia sobre o informe de resolución de discrepancias a que se refire o artigo 218.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

30.- Aprobación inicial do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción dos Grupos provinciais do Partido Popular, Partido Socialista de Galicia-PSOE, Bloque Nacionalista Galego, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños relativa ao Pazo de Meirás.

-Moción dos Grupos provinciais de Compostela Aberta e Marea Atlántica en defensa do sistema público de pensións.

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO
23 DE MARZO DE 2018**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 23 de marzo de 2018, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS	PP
D ^a PATRICIA BLANCO FIDALGO	PSOE
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D ^a CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a ROCÍO FRAGA SÁENZ	MAREA ATLÁNTICA
D ^a . M ^a ÁNGELA FRANCO POUZO	BNG
D ^a ROSA GALLEGU NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
D ^a INÉS MONTEAGUDO ROMERO	PP
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE

D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
D ^a . TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Non asiste o Sr. Dios Diz.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e catorce minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 2/18, DO 23 DE FEBREIRO.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 2/18, do 23 de febreiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DO 20 DE FEBREIRO DE 2018 AO 19 DE MARZO DE 2018.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, do 20 de febreiro de 2018 ata o 19 de marzo de 2018.

3.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDAD INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR OS CURSOS NA SEDE DA CORUÑA NO ANO 2017.

O Pleno por unanimidade acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **50.272,00 €**, á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, para financiar os *Cursos na sede da Coruña no ano 2017*, cun orzamento subvencionado de 62.840,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de marzo de 2018.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo para subvencionar os Cursos na sede da Coruña no ano 2017.

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Emilio Lora-Tamayo D’Ocón, en nome e representación da UNIVERSIDAD INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO (entidade con NIF Q2818022B e domicilio social en Isaac Peral, 23, 28040 Madrid), na súa calidade de reitor magnífico, que actúa facultado polo seu nomeamento realizado por Real decreto 1002/2017, do 24 de novembro (BOE do 25 de novembro) e facendo uso das atribucións que ten conferidas polo artigo 12 do Estatuto da Universidade, aprobado por Real decreto 331/0220, do 5 de abril (BOE do 12 de abril).

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación suscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no EMC 5/2017 unha subvención nominativa para o financiamento dos *Cursos na sede da Coruña no ano 2017*.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de concesión dunha subvención nominativa da Deputación Provincial da Coruña á Universidade

Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B) para financiar os **Cursos na sede da Coruña no ano 2017** de acordo co seguinte programa:

1. A innovación na Administración Pública

A Coruña
Do 9 ao 10 de outubro
Manuel Arenilla

2. Xeroperformance - Workshop

A Coruña
24-26 de outubro
Paulo Bruscky

3. O futuro do Protocolo Oficial Español

A Coruña
26 e 27 de Outubro
Rafael Vidal Gómez de Travededo

4. Coordinación ante grandes aglomeraciones

A Coruña
30 e 31 de outubro
Roberto Lage Regal

5. Políticas Públicas e Servizos Sociais

A Coruña
9 e 10 de novembro
Victoria de Dios Viéitez

6. O rol das políticas urbanas e do urbanismo nos próximos vinte anos

A Coruña
Do 20 ao 21 de novembro
Almudena Fernández Carballal

7. Obesidade, epidemia do século XXI

A Coruña
Do 27 ao 28 de novembro
Felipe Casanueva

8. Pensar con sons, sinfonismo galego

A Coruña
11 e 12 de decembro
Director: Rafael López López

**9. Ciclo de Conferencias Talento e Sociedade
Fundación Barrié**

O Prodixio Social da Linguaxe

16 de outubro
Darío Villanueva

Innovación aberta: Oportunidades para o descubrimento de fármacos

13 de novembro

Mabel Loza

Retos e oportunidades para uns novos alimentos seguros e saudables na Unión Europea

18 de decembro

Andreu Palou

II.- Orzamento da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo co seguinte orzamento:

Gastos

Directos:

Honorarios de profesores	30.340.-
Aloxamento e manutención	9.420.-
Viaxes de profesores	9.680.-
Publicidade e difusión	3.800.-
Reprografía e material	2.400.-
Total directos	55.640.-

Indirectos:

Limpeza	1.300.-
Persoal actividades	5.900.-
Total indirectos	7.200.-

Total gastos **62.840.-**

Ingresos:

Achegas doutras entidades	0.-
Ingresos establecidos por matrículas	5.000.-
<i>Total ingresos</i>	5.000.-

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.272,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado é suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscriba pola persoa responsable da sede da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2017**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo na documentación subministrada; e se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo

poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O HÓCKEY CLUB LICEO DE LA CORUÑA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA OK LIGA E NA COPA DE EUROPA DE HÓCKEY, NO ANO 2017.

INTERVENCIÓNS

Sr. García Seoane

Eu no asunto 4, 5, 6, 7 e 8 voume abster. A prensa hoxe di que vou votar en contra, non sei de onde sacaron a noticia, podía votar en contra, voume abster, e as razóns xa as expuxen na Comisión Informativa, creo que hai que buscar unha vía se se quere apoiar este tipo de clubs, que haberá que buscar unha vía onde poidan concorrer as distintas sociedades, e cunhas características concretas, e creo que se debe investir moito máis que nestas entidades deportivas no deporte base. Eu creo que o deporte base que temos en todos os municipios é a alma da concordia, da convivencia nos municipios, os rapaces están fóra da droga, están fóra dun montón de actividades, e que se debe de apoiar a estas entidades, que non cobran nada, que gastan cartos, que levan aos nenos en coches privados dun lado ao outro, e son os que necesitan realmente un apoio. Polo tanto, nesa liña, tamén sei que está na mente do goberno ampliar esa partida, pero que se faga dunha vez, e para esta que se abra unha liña que non sexa esta, que non sexa esta que teña que vir ao Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de febreiro de 2018.

2.- Conceder unha subvención nominativa ao **Hóckey Club Liceo de La Coruña**, por importe de **100.000,00 €**, concedida para financiar a *participación na OK Liga e na Copa de Europa de Hóckey no ano 2017*, cun orzamento subvencionado de 125.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hóckey Club Liceo de La Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na OK Liga e na Copa de Europa de Hóckey, no ano 2017

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Eduardo Lamas Sánchez, presidente do **Hóckey Club Liceo de La Coruña**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Hóckey Club Liceo de La Coruña** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Hóckey Club Liceo de La Coruña** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Hóckey Club Liceo de La Coruña** (CIF:G15075278) para financiar a **participación na OK Liga e na Copa de Europa de Hóckey, no ano 2017**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Hóckey Club Liceo de La Coruña** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de persoal: soldos e salarios (deportistas e técnicos)	65.500,00 €
Desprazamentos e competicións (viaxes, estancias, traslados)	23.500,00 €
Gastos federativos (dereitos de participación, xestión, etc.)	16.000,00 €
Técnicos deportivos (profesionais e outros profesionais médicos)	6.000,00 €
Gastos xerais e de administración	10.000,00 €
Material deportivo (roupa, sticks, guantes, xeonlleiras, etc.)	3.000,00 €
Gastos categorías inferiores (participación en competicións de ámbito autonómico, desprazamentos, licenzas, mutualidades)	1.000,00 €
Total	125.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Hóckey Club Liceo de La Coruña** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención

provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **ao Hóckey Club Liceo de La Coruña**.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza **ao Hóckey Club Liceo de La Coruña** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, o **Hóckey Club Liceo de La Coruña** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Hóckey Club Liceo de La Coruña**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada **ao Hóckey Club Liceo de La Coruña** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Hóckey Club Liceo de La Coruña** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, **o Hóckey Club Liceo de La Coruña** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento **ao Hóckey Club Liceo de La Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Hóckey Club Liceo de La Coruña** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Hóckey Club Liceo de La Coruña** na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, **ao Hóckey Club Liceo de La Coruña** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora,

ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Hóckey Club Liceo de La Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Hóckey Club Liceo de La Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, **o Hóckey Club Liceo de La Coruña** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **o Hóckey Club Liceo de La Coruña** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, **o Hóckey Club Liceo de La Coruña** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Hóckey Club Liceo de La Coruña** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao Hóckey Club Liceo de La Coruña** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2018** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB UNIVERSITARIO FERROL CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA LIGA FEMININA DE BALONCESTO NO ANO 2017, NA COPA RAIÑA E NO TÍTULO PLAY OFFS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de febreiro de 2018.

2.- Aprobar o convenio co **Club Universitario Ferrol** correspondente á subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €**, concedida para financiar a participación na liga feminina de baloncesto no ano 2017, na Copa Raíña e no Título Play offs, cun orzamento subvencionado de 75.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na liga feminina de baloncesto no ano 2017, na Copa Raíña e no Título Play offs.

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Leopoldo Ibáñez Santiago, presidente do **Club Universitario Ferrol**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Universitario Ferrol** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Universitario Ferrol**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Universitario Ferrol** (CIF:G15659261) para financiar a **participación na liga feminina de baloncesto no ano 2017, na Copa Raiña e no Título Play offs.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Universitario Ferrol** desenvolve as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Nóminas de oito xogadoras e adestrador meses xaneiro-abril	34.350,00 €
Seguridade social a cargo do club de xaneiro.abril	11.350,00 €
Dereitos arbitraris, axudas de custe e transporte colexiados	15.050,00 €
Licenzas, mútua, canon FIBA xogadoras	2.650,00 €
Autobuses e avións desprazamentos	9.200,00 €
Preparación física xogadoras	2.400,00 €
Total orzamento	75.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Universitario Ferrol** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **ao Club Universitario Ferrol**.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza **ao Club Universitario Ferrol** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, o **Club Universitario Ferrol** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Universitario Ferrol**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada **ao Club Universitario Ferrol** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Universitario Ferrol** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, **o Club Universitario Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento **ao Club Universitario Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Universitario Ferrol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Universitario Ferrol** na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, **ao Club Universitario Ferrol** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Club Universitario Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Club Universitario Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, **o Club Universitario Ferrol** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Universitario Ferrol** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Universitario Ferrol** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Universitario Ferrol** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao Club Universitario Ferrol** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2018** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Club Universitario Ferrol** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB BÁSQUET CORUÑA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN LEB OURO, NO ANO 2017.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de febreiro de 2018.

2.- Conceder unha subvención nominativa ao **Club Básquet Coruña**, por importe de 125.000,00 €, concedida para financiar a participación na competición LEB Ouro no ano 2017, cun orzamento subvencionado de 669.652,52 €, de aprobar o correspondente convenio de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Básquet Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na competición LEB Ouro, no ano 2017

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Juan Carlos Fernández Herrero, presidente do **Club Básquet Coruña**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Básquet Coruña** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Básquet Coruña** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Básquet Coruña** (CIF:G15565054) para financiar a **participación na competición LEB Ouro, no ano 2017**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Básquet Coruña** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de participación en competición deportiva (Inscripcións, licenzas e mutuas)	44.252,20 €
Transportes , desprazamento e aloxamento	63.223,93 €
Dereitos de arbitraje	33.309,19 €
Gastos de persoal (soldos e salarios)	313.283,83 €
Gastos de persoal (seguridade social)	103.571,38 €
Gastos de persoal (gastos de contratación)	19.140,09 €
Teléfono, médicos, equipacións e outros servizos	15.832,23 €
Gastos xerais 13% sobre gastos da actividade	77.039,67 €
Total	669.652,52 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **125.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **18,67%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **18,67 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Básquet Coruña** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **ao Club Básquet Coruña**.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza **ao Club Básquet Coruña** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, o **Club Básquet Coruña** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo

con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Básquet Coruña**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada **ao Club Básquet Coruña** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Básquet Coruña** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Club Básquet Coruña** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento **ao Club Básquet Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Básquet Coruña** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Básquet Coruña** na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, **ao Club Básquet Coruña** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club Básquet Coruña** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Básquet Coruña** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, **o Club Básquet Coruña** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **o Club Básquet Coruña** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, **o Club Básquet Coruña** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a

sanción imponerse no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Básquet Coruña** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao Club Básquet Coruña** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2018** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O SANTIAGO FUTSAL CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA 1ª DIVISIÓN DE FÚTBOL SALA NO ANO 2017.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de febreiro de 2018.

2.- Aprobar o convenio co Santiago Futsal correspondente á subvención nominativa, por importe de 60.000,00 €, concedida para financiar a participación na 1ª División de Fútbol Sala no ano 2017, cun orzamento subvencionado de 282.000,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Santiago Futsal correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 1ª División de Fútbol Sala no ano 2017

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Ramón García Seara, presidente do **Santiago Futsal**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Santiago Futsal** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Santiago Futsal**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

*O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Santiago Futsal** (CIF:G15728975) para financiar a participación na 1ª División de Fútbol Sala no ano 2017*

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Santiago Futsal desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Aloxamento e manutención	18.000,00 €
Desprazamentos	21.000,00 €
Nóminas	90.000,00 €

Canon LNFS	35.000,00 €
Arbitraxes	26.000,00 €
Servizos médicos	10.000,00 €
Axencia Tributaria	23.000,00 €
TGSS	55.000,00 €
Varios	4.000,00 €
TOTAL	282.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **21,28 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **21,28 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Santiago Futsal** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao **Santiago Futsal**.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza **ao Santiago Futsal** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00€, con carácter previo á contratación, o **Santiago Futsal** deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Santiago Futsal**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada **ao Santiago Futsal** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Santiago Futsal**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, **o Santiago Futsal** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento **ao Santiago Futsal** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá **ao Santiago Futsal** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Santiago Futsal** na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, **ao Santiago Futsal** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- **O Santiago Futsal** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Santiago Futsal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, **o Santiago Futsal** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **o Santiago Futsal** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, **o Santiago Futsal** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do

importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Santiago Futsal** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao Santiago Futsal** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2018** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Santiago Futsal**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN RÁcing CLUB FERROL, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A "ESCOLA DEPORTIVA: PROMOVER, APOIAR E DIFUNDIR O DEPORTE BASE" DURANTE O ANO 2017.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de febreiro de 2018.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Rácing Club Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 40.000,00 €, concedida para financiar a "Escola deportiva: Promover, apoiar e difundir o deporte base" durante o ano 2017, cun orzamento subvencionado de 50.200,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rácing Club Ferrol, correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a "Escola deportiva: Promover, apoiar e difundir o deporte base" durante o ano 2017.

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D.Francisco de Borja Silveira Rey, presidente da **Fundación Rácing Club Ferrol**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que a **Fundación Rácing Club Ferrol** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Rácing Club Ferrol**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Rácing Club Ferrol** (CIF:

G15884257) para financiar a "Escola deportiva: Promover, apoiar e difundir o deporte base" durante o ano 2017.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A **Fundación Rácing Club Ferrol** desenvolve as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Material deportivo non inventariable	3.000,00 €
Material farmacéutico	100,00 €
Material de oficina	100,00 €
Arrendamentos	4.500,00 €
Transportes	20.000,00 €
Primas de seguros (mutualidades, RC...)	2.000,00 €
Outros servizos (limpeza, mantemento dos campos de fútbol-7...)	11.500,00 €
Soldos	7.200,00 €
Seguridade social a cargo da entidade	1.800,00 €
TOTAL	50.200,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,68%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,68 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **Fundación Rácing Club Ferrol** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á **Fundación Rácing Club Ferrol**.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza á **Fundación Rácing Club Ferrol** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, a **Fundación Rácing Club Ferrol** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Fundación Rácing Club Ferrol**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Fundación Rácing Club Ferrol** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **Fundación Rácing Club Ferrol** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Fundación Rácing Club Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **Fundación Rácing Club Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Fundación Rácing Club Ferrol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Fundación Rácing Club Ferrol** na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **Fundación Rácing Club Ferrol** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Fundación Rácing Club Ferrol** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Fundación Rácing Club Ferrol** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Fundación Rácing Club Ferrol** deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Fundación Rácing Club Ferrol** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Fundación Rácing Club Ferrol** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Fundación Rácing Club Ferrol** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Fundación Rácing Club Ferrol** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2018** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da **Fundación Rácing Club Ferrol** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2018. SEGUNDA FASE: MELLORA DO FIRME CON MBQ NA DP 4307 MALPICA A PONTECESO E MELLORA DO FIRME CON MBQ NA DP 2403 CERCEDA A XESTEDA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2018 cun orzamento total de 664.080,11.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/61900
18.1100.0034.0	DP 4307.- MELLORA DO FIRME CON MBQ NA DP 4307 MALPICA A PONTECESO PQ 0+500 AO 1+500 E 4+000 AO 6+000	MALPICA E PONTECESO	369.090,27
18.1100.0035.0	DP 2403.- MELLORA DO FIRME CON MBQ NA DP 2403 CERCEDA A XESTEDA PQ 0+340 AO 2+900	CERCEDA	294.989,84
		TOTAL	664.080,11

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2018, SEGUNDA FASE E INICIO DOS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2018 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 1.875.845.800.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
18.1110.0003.0	DP 5815 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA.- AMPLIACION E MELLORA NA DP 5815 MERA-VEIGUE PK 0+400 AO 2+200	OLEIROS	613.982,24
18.1110.0004.0	DP 6104.- AMPLIACION E MELLORA DA ESTRADA DP 6104. CRETA NA AC-862 AO PICON. PK 0+000 AO PK 2+400 E RAMAL	ORTIGUEIRA	999.768,51
18.1110.0005.0	DP 6115.- PAVIMENTACION CON MBQ NA DP 6115 DA CERCA Á PRAIA DE FIGUEROA PQ 0+000 AO 1+170 E ESTABILIZACION DE NOIRO EN PQ 1+060 AO 1+160	CARIÑO	125.658,06
18.1110.0006.0	DP 1704.- PROXECTO DE EXECUCION DE MURO DE CONTENCION E BEIRARRUAS NA DP 1704 CAMBRE A CARRAL.- PQ 0+670 AO 0+820	CAMBRE	136.436,99
		TOTAL	1.875.845.800

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
18.1110.0004.0	DP 6104.- AMPLIACION E MELLORA DA ESTRADA DP 6104. CRETA NA AC-862 AO PICON. PK 0+000 AO PK 2+400 E RAMAL	ORTIGUEIRA	203.312,15

3.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

11.-APROBACIÓN DA CUARTA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Modificar as bases do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, no sentido seguinte:

*** Modificación da Base 9ª. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

Onde di:

“O prazo para a xustificación das actuacións rematará o día 30 de novembro de 2017, ás 14:00 horas, salvo que se trate de investimentos, en cuxo caso o prazo rematará o 31 de marzo de 2018, ás 14:00 horas.”

Pasa a dicir:

“O prazo para a xustificación das actuacións rematará o día 30 de novembro de 2017, ás 14:00 horas, salvo que se trate de investimentos, en cuxo caso o prazo rematará o 30 de xuño de 2018, ás 14:00 horas. ”

*** Modificación da “ADDENDA ÁS BASES**

Onde di:

“ ...

... o prazo de remisión da documentación necesaria para a elaboración do Plan adicional rematará o día 31.03.2018, ás 14:00 horas.

....”

Pasa a dicir:

“ ...

... o prazo de remisión da documentación necesaria para a elaboración do Plan adicional rematará o día 30.06.2018, ás 14:00 horas.

....”

*** Introducción dunha ADDENDA BIS**

Os prazos previstos nestas bases para a contratación, execución e xustificación dos investimentos, poderán ser obxecto de prórroga mediante resolución do presidente da Deputación Provincial da Coruña, despois de petición razoada dos concellos interesados.”

12.- APROBACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA CON TRÁMITE DE URXENCIA PARA OCUPAR OS BENS E DEREITOS NECESARIOS POLA EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP 1703 ESPÍRITU SANTO A FRAIS PQ 2+500 COA ESTRADA AC 214 GUÍSAMO-SIGRÁS (BERGONDO)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Iniciar o expediente de expropiación forzosa con trámite de urxencia, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013 do 28 de xullo de estradas de Galicia, para ocupar os bens e dereitos necesarios pola execución das obras incluídas no proxecto MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP 1703 ESPÍRITU SANTO A FRAIS PQ 2+500 COA ESTRADA AC 214 GUÍSAMO-SIGRÁS (BERGONDO).

2.- Publicar no BOP a relación de afectados e proceder ao levantamento de actas previas á ocupación."

13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A UTILIZACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN.

INTERVENCIONS

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas. Anunciar a nosa abstención aquí como Grupo provincial, porque necesitamos como concelleiras da Coruña saber algo deste convenio, que a día de hoxe non sabemos nada.

O que sabemos desde decembro de 2016, "Ferreiro esixe 1.000.000 de euros á Deputación para xestionar o Teatro Colón, o Concello pon tamén como condición a cesión das instalacións por un prazo mínimo de dez anos...", e que iso irase revisando, esas eran as condicións mínimas que se poñían nesa data.

A día de hoxe á oposición na Coruña non se nos deu ningunha información, non hai un informe económico, non hai un informe do interventor, non sabemos que vai pasar co persoal, se vai pasar directamente ao concello ou non, eu iso véxoo complicado. Que vai pasar cos contratos?, porque hai programación de actividades, comunicación e xestión de público, venda de entradas, produción, mantemento, limpeza, como se vai xestionar?, directamente, a través de contratos, hai que modificar a ordenanza, a taxa reguladora das instalacións culturais, non se dixo nada, necesitan a aprobación do Pleno. Haberá que facer un modificativo de crédito, o IMCE este ano 2017 o presuposto final foron 6 millóns e medio, 2 máis do presuposto inicial. Para 2018 hai 5.540.000, non sei canto pensa gastar o IMCE.

Isto non é unha cesión, isto non é unha cesión do Teatro Colón, non é o que se falou, isto é un convenio de xestión compartida, a Deputación segue sendo o titular do servizo, segundo o convenio. Entón, a min gustaríame unha explicación por parte da Marea Atlántica de como se vai facer isto, son dous anos de xestión compartida e eu creo que, xa postos, a Deputación, que o que se quita é un gasto e un problema, porque é verdade que é deficitario ata o de agora, en lugar disto un convenio de colaboración, xa de facelo así, en lugar de cedelo, un convenio de colaboración, e que se ceda para programar o concello, pero isto nós sinceramente como concelleiras da Coruña non o vemos. Iremos absternos á espera de saber que é o que vai facer o goberno municipal da Marea Atlántica.

Sra. Sanmartín Rei

Eu unicamente sobre esta cuestión, respecto polo menos do que é o convenio e de todo o que foron as conversas entre o Concello da Coruña e a propia área de Cultura da Deputación, entre o conxunto da Deputación para facelo, no convenio vén establecido claramente por un lado que o que vai haber neste caso é unha xestión compartida para poder facer durante dous anos, con posibilidade de ampliación a outros dous anos máis, e onde está claro que isto se vai facer a través do IMCE, é dicir, que queda ben claro tamén quen vai ser o organismo que se encargue ao final desa xestión, entendendo desde a nosa perspectiva, desde a perspectiva da

Deputación, que o lóxico era que houbera unha planificación dos espazos culturais, dos contedores culturais que hai no propio Concello, por parte de quen xustamente posúe e ten que xestionar a maior parte dos espazos culturais da cidade, que é lóxico que quen faga iso, quen regule cal debe ser a programación, posibles especializacións, a que dedicamos a programación, teña en conta o que se está facendo no Teatro Rosalía, o que se está facendo no Ágora, o que se está facendo no Palacio da Ópera, o que se está facendo no conxunto dos espazos da cidade. Esa é a cuestión que poñemos enriba da mesa, entendemos tamén que a dotación económica que se fai, tendo en conta os cálculos e os informes internos que os servizos da casa fixeron, tendo en conta por un lado o que se gastaba xustamente neste tipo de actividade, e acrecentando neste caso ese déficit que estaba constatado que existía. Por tanto, é arredor desa cantidade, do medio millón de euros, onde seguiremos facendo, tamén con esa cantidade máxima que fai tamén que nos deixe a nós a propia Deputación unha reserva de días, de trinta días, tamén para facer programación propia ou colaboración con entidades ou concellos que o viñan facendo ata o momento. Mais entendo que toda esta cuestión está no expediente, está no propio texto do convenio, e que se pode ver máis alá de que logo despois a xestión xa do día a día que o teña que realizar o propio concello, mais entendo que o texto do convenio e do expediente nese sentido, pola parte que corresponde, que está completa.

Sra. Delso Carreira

Sen afondar máis no que acaba de comentar a vicepresidenta, que efectivamente toda a información consta no expediente, dicirlle á compañeira deputada, a Rosa Gallego, compañeira tamén concelleira do Concello da Coruña, que non se confunda, digamos, de institución. O debate podemos telo no marco do Pleno do Concello da Coruña, pero aquí estamos no Pleno da Deputación e se trata de interpelar ao Goberno, en todo caso que deamos os debates nas institucións que corresponden. Grazas.

Sra. Gallego Neira

Simplemente dicir que nos abstemos porque aquí non hai ningún informe económico tampouco nin hai absolutamente nada. Entón, á espera de saber, aquí para coordinar a programación, con prever esa comisión que xa se crea no propio convenio, non hai máis documentación que o convenio, realmente hai unha falta de información total e absoluta, e nada máis. O resto xa o debateremos, por suposto, no Concello da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a Xestión Compartida do Teatro Colón.

2º.- Condicionar a aprobación do presente convenio á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos nº 2/2018, por importe 500.000,00 euros, na aplicación orzamentaria 0112/3335/46201

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN

No pazo provincial da Coruña, ... de... de 2018,

REUNIDOS

Dunha parte, **DONA MARÍA GORETTI SANMARTÍN REI**, vicepresidenta da Deputación da Coruña, actuando en nome e representación desta Corporación, segundo delegación conferida para esta sinatura mediante resolución da Presidencia nº 29081/2015, do 23 de decembro de 2015, e na execución do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 23 de marzo de 2018.

Doutra parte, **DON XULIO FERREIRO BAAMONDE**, alcalde do Concello da Coruña e presidente do **INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (en adiante IMCE)**, na representación deste organismo autónomo municipal e na execución do acordo do consello reitor deste organismo aprobado na sesión que tivo lugar o día...,

E seguidamente,

EXPOÑEN

En datas recentes veñen de cumprirse vinte e un anos dende que o Pleno da Deputación adoptou o acordo de adquirir a propiedade do Teatro Colón, espazo cultural integrado no novo pazo provincial, co fin de destinar o inmovible á prestación de servizos de carácter sociocultural. Concretamente, logo de aprobarse a adquisición deste inmovible na sesión plenaria de carácter extraordinario que tivo lugar o día 22 de febreiro de 1997, así coma o prego de cláusulas administrativas particulares que habían de rexer o contrato, mediante escritura pública formalizada o día 22 de abril daquel ano, produciuse a transmisión e o inmovible integrouse no Inventario de Bens e dereitos desta Corporación, co carácter de ben de dominio público afecto á prestación de servizos públicos.

Despois de varias obras de rehabilitación integral, así como de adquisición do equipamento necesario, o Teatro quedou completamente rematado e listo para o uso a mediados do ano 2005, logo de realizarse un investimento que acadou o importe total de 12.082.064,59 euros.

Unha vez rehabilitado e equipado, o Pleno decidiu regulamentar as prestacións de carácter sociocultural co carácter de servizo público provincial, acordando asemade a forma de xestión indirecta do devandito servizo mediante a adxudicación dun contrato de concesión administrativa (acordo adoptado na sesión plenaria do 15 de setembro

de 2006). Logo do outorgamento do correspondente contrato, o servizo veuse prestando en tal réxime concesional no quinquenio 2007-2012. Unha vez rematada a primeira concesión, de novo se acordou polo Pleno unha segunda licitación para manter este sistema de xestión, adxudicándose e formalizándose un novo contrato de concesión administrativa o día 28 de maio de 2012, tamén por un período de cinco anos, que rematou o 28 de maio de 2017.

Pechado o Teatro durante o tempo imprescindible para facer inventario e para as necesarias accións de mantemento, desde setembro de 2017 ata a actualidade o servizo préstao directamente a propia Deputación, polo que se contratou externamente os servizos para xestionar a programación da actividade, o mantemento do equipamento escénico e a xestión de públicos (venta de entradas e acomodados). Asemade, o Pleno tamén aprobou unha ordenanza de prezos públicos que habilitase a esta administración para o cobro de entradas, así coma a repercusión dos custos ás entidades privadas que poidan solicitar a cesión do recinto, tanto para actividades lucrativas como non lucrativas.

Dende o Goberno da Deputación promoveuse este novo período de xestión coa idea de manter un espazo cultural que xa leva moitos anos enraizado na actividade escénica e artística da provincia da Coruña, especialmente entre as persoas residentes da cidade. Por iso, estimouse necesario continuar coa prestación desta actividade co carácter de servizo público, garantindo o acceso á cultura de toda a cidadanía, tal como nos lembra o artigo 44 da Constitución, sabendo asemade que a promoción da cultura e a potenciación do galego coma a lingua propia de Galicia son obrigas de todos os poderes públicos de Galicia, segundo o disposto no artigo 5.3 e 27.19 do noso Estatuto de Autonomía.

Agora ben, tamén dende este Goberno houbo conciencia de que a xestión dun teatro público non é unha das competencias propias das deputacións provinciais, administracións supramunicipais que han de centrar o núcleo das dúas políticas na cooperación cos concellos, especialmente cos de menos de 20.000 habitantes, para garantir a axeitada prestación dos servizos municipais básicos en todo o territorio, correspondéndolle máis ben esta actividade cultural ao ámbito estritamente municipal, ao seren as persoas residentes na cidade as principais usuarias deste espazo. Por tal razón, xa desde os primeiros meses deste novo período se iniciaron conversas cos responsábeis do departamento de Cultura do Concello da Coruña, procurando así que nun futuro inmediato se procedese á cesión do teatro a prol desta entidade, de xeito que sexa o goberno da cidade o que o integre na súa rede de espazos e recintos culturais e recreativos, mediante a súa adscrición ao IMCE.

Na procura da idea exposta, nas cláusulas que seguen regúlase a xestión polo organismo autónomo municipal IMCE do mantemento do inmovible e da programación cultural que se desenvolva, esta xa plenamente coordinada coa que se oferte nos restantes espazos culturais que xestiona o Concello da Coruña a través do IMCE, pero seguida conxuntamente polos responsábeis da acción cultural das dúas administracións locais, no seo da comisión que se regula na cláusula segunda.

Dado que neste período temporal o servizo continúa a ser de ámbito provincial, é a Deputación a administración que asume os custos da súa prestación, distribuíndose en dous apartados ben diferenciados, un referido ao mantemento do inmovible e outro

á programación e desenvolvemento da actividade cultural. Na cláusula sétima establécese a súa cuantificación máxima e a distribución en apartados atendendo á natureza económica e funcional destes. Na mesma disposición tamén se regulan os aspectos procedementais para a súa liquidación, fixándose unha entrega anticipada do 50 por 100 a prol do IMCE, coa finalidade de non xerarlle tensións de liquidez.

De xeito similar ao previsto para os gastos da xestión, na cláusula sexta establécese que o IMCE deberá dar conta dos ingresos recadados en concepto de prezos de entradas pagadas polos usuarios e demais aproveitamentos que se poidan percibir polo uso do teatro, debendo cuantificarse na liquidación final que o órgano competente do organismo autónomo deberá aprobar e presentar perante a Deputación con carácter previo ao segundo libramento, de xeito que os ditos ingresos sumados á achega que lle corresponda á Deputación non sobrepasen, en ningún caso, o custo total do servizo prestado.

Por outra banda, conscientes na Deputación de que tanto os restantes concellos coma determinadas entidades sociais e culturais da provincia precisan dun recinto na cidade para levar a cabo actividades benéficas e culturais de programación e produción propia, na cláusula oitava resérvase o uso do recinto para os días que se estiman necesarios. Nestes días de reserva será a Deputación a administración que, se o considera oportuno e consonte á ordenanza de prezos públicos aprobada que está aprobada para o efecto, poida percibir os ingresos correspondentes, prestándolle o IMCE o servizo de tesourería necesario.

Finalmente, coa finalidade de expor a natureza xurídica do IMCE e a súa capacidade xurídica para asumir a xestión do Teatro, maniféstase que o Instituto Municipal Coruña Espectáculos é un organismo autónomo local creado ao abeiro da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e adscrito a área do Concello da Coruña que teña atribuídos os servizos de Cultura, e de conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, coma entidade de dereito público, goza de personalidade xurídica propia e independente, plena capacidade xurídica e autonomía económica e administrativa para o cumprimento dos seus fins con suxeición ás leis e ao disposto nos seus estatutos.

Nos referidos estatutos, sen prexuízo das facultades de tutela municipais, establécese que lle corresponden ao IMCE a organización e administración do servizo e, especificamente (artigo 2.3) entre outras, as seguintes atribucións: a) Administración do seu patrimonio, d) Solicitar e obter subvencións e axudas do Estado e de entidades públicas e privadas. e) Adquirir, posuír, dispoñer e arrendar bens, constituír avais e outras garantías, g) contratar ao persoal necesario para o desenvolvemento das súas funcións, h) Formalizar convenios e contratos, públicos ou privados, e adxudicar obras, servizos e subministracións.

Cómpre sinalar, como especialmente relevante, que o obxecto finalista do IMCE, conforme ao artigo 3 dos estatutos, determínase nos seguintes apartados:

- a) Contribuír á defensa e divulgación dos valores socio culturais da cidade.
- b) Potenciar o desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto.

- c) Levar a cabo e xestionar os programas do Concello da Coruña, que teñan relación coas actividades culturais públicas de interese para a cidade, relacionadas co mundo do espectáculo e as festas.
- d) Procurar o mellor custo e rendemento das actividades que se programan.
- e) Xestionar, promocionar e realizar todos aqueles programas específicos ligados ao mundo do espectáculo e de animación cultural que poidan dinamizar a oferta cultural.
- f) Xestionar as instalacións, equipamentos municipais do ámbito do espectáculo, que se lle atribúan.
- g) En xeral, cantas outras iniciativas culturais e festivas sexan consideradas de interese.

O Consello reitor do IMCE, de conformidade coas competencias xenéricas do artigo 15 dos estatutos, é o órgano competente para a aprobación do convenio de cooperación pola súa natureza, para a xestión compartida coa Deputación provincial deste espazo cultural, e a actuación proposta incardínase na prestación de servizos de carácter socio cultural propio do organismo autónomo, integrándose a través desta fórmula, na rede pública de espazos culturais municipais xestionados polo organismo autónomo, baixo, neste caso, a programación compartida coa entidade titular do inmovible.

Xa que logo, con fundamento nos antecedentes e consideracións expostas, ambas as dúas partes, na representación que teñen

ACORDAN

PRIMEIRA.- Obxecto.

1. O Teatro Colón é un espazo de contido cultural no que, co carácter de prestacións de servizo público, ofértanse actividades teatrais, musicais e mesmo benéfico-sociais, con destino á cidadanía en xeral, co fin de promover o acceso á cultura consonte co previsto no artigo 44 da Constitución, potenciando especialmente o galego coma lingua propia de Galicia, tal como dispón o artigo 5.3 do noso Estatuto de Autonomía.
2. Dado que a regulamentación do servizo público foi aprobada pola Deputación e tendo en conta a titularidade provincial do inmovible, o presente convenio ten por obxecto regular a relación de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o IMCE, organismo autónomo pertencente ao Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación e o IMCE comparten a xestión e utilización do Teatro Colón, para que o teatro quede plenamente integrado na rede pública de espazos culturais municipais, compartíndose a programación das actividades que se han desenvolver de acordo coas bases que se establecen deseguido, así como reservándose a utilización do espazo pola propia Deputación en determinados días, para a realización de actos propios e para a posible cesión aos concellos da provincia e ás entidades sen ánimo de lucro.
3. O ben inmovible, así como as instalacións técnicas e mobiliario obxecto desta xestión compartida descríbense polo miúdo nos anexos I e II do presente convenio, integrándose plenamente no seu clausulado.

SEGUNDA. A programación dos espectáculos e actividades e a comisión de seguimento das actividades desenvoltas.

1. Corresponderalle ao IMCE, con medios persoais propios ou, no seu caso, contratados con empresas especializadas, a programación das actividades que se han desenvolver no Teatro Colón, procurando que as accións programadas estean perfectamente coordinadas coas que se teña previsto desenvolver nos teatros e recintos de espectáculos municipais, garantindo que os contidos sexan acordes cos valores e principios constitucionais, promovendo especialmente a cultura galega e potenciando o galego, como lingua propia de Galicia.

2. Co fin de que a Deputación poida coñecer as actividades programadas, créase unha comisión de seguimento co carácter de órgano colexiado, presidida pola persoa deputada responsábel en materia de cultura e integrada polos seguintes membros:

a) Por parte da Deputación da Coruña, ademais da persoa deputada titular da delegación de competencias na materia de cultura, a persoa titular da xefatura do Servizo de Acción Sociocultural e unha persoa deputada nomeada pola Presidencia da Deputación.

b) Por parte do Concello da Coruña, a persoa titular da Concellería de Cultura, e dous membros máis designados polo Consello reitor do IMCE, entre os que estará a persoa directamente responsable da programación.

c) Sen prexuízo da composición regulada nas dúas letras anteriores, poderán ser convocados ás sesións aquelas persoas que, por mor das súas responsabilidades de xestión ou funcións técnicas, teñan relación co mantemento do inmovible ou co desenvolvemento das actividades programadas. En todo caso, serán convocadas as persoas que teñen a titularidade da xefatura do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e do órgano interventor do IMCE e do órgano interventor da Deputación da Coruña.

3. A comisión de seguimento, coa composición sinalada anteriormente, terá as seguintes atribucións:

a) Seguimento das actividades programadas, a través da Memoria anual de actividades.

b) Informar sobre as dúbidas de aplicación e interpretación das cláusulas do presente convenio, as modificacións que se propoñan durante a súa vixencia e os posibles incumprimentos que poidan dar lugar á resolución do convenio.

c) Toma de coñecemento e informe da memoria de xestión e da liquidación de gastos e ingresos que presente a Presidencia do IMCE, consonte co previsto na cláusula sétima, a través da Memoria económico-financeira anual.

d) Informe-proposta de orzamento para cada exercicio.

e) Informe sobre as necesidades, así como toma de coñecemento da Memoria técnica anual, na que se exporá o estado do inmovible e das instalacións.

4. A comisión reunirse con carácter ordinario dúas veces ao ano, nos meses de xullo e outubro, para o exercicio das atribucións ás que se refire o apartado anterior, e con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, a iniciativa de calquera dos seus membros, indicando expresamente os asuntos a tratar.

TERCEIRA . A publicidade e difusión das actividades programadas.

1. O IMCE levará a cabo, ben cos medios propios ou mediante a oportuna contratación, todas as accións publicitarias necesarias para dar a coñecer con suficiente antelación os espectáculos e actividades programadas no teatro, agás as que se desenvolvan nos días reservados para a Deputación.

2. A acción de comunicación e publicidade debe realizarse nos mesmos medios e con similares contidos ás que vén realizando o IMCE con respecto aos espectáculos e actividades que se desenvolven nos seus propios espazos culturais, debendo figurar nela o anagrama da Deputación provincial, por ser a entidade titular do servizo público.

CUARTA. A contratación dos espectáculos e actividades.

1. Na súa condición de administración xestora, correspóndelle ao IMCE o outorgamento de todos os contratos coas empresas de espectáculos, seguíndose para tal efecto a lexislación vixente en materia de contratación pública.
2. Unha vez celebrado o espectáculo, a empresa contratista deberá presentar a factura correspondente perante o IMCE, quen asumirá a responsabilidade de proceder a súa tramitación e pagamento nos prazos establecidos na lexislación vixente.

QUINTA.- O mantemento do inmovible e das instalacións.

1. O IMCE deberá manter en perfectas condicións de mantemento o recinto, equipamento escénico e demais instalacións, outorgando para tal fin todos os contratos de prestación de servizos e subministracións necesarias.
2. Quédalle prohibido ao organismo xestor a realización de obras, así como calquera uso do recinto e das instalacións para fins non previstos no presente convenio. As actuacións necesarias de reparación e simple conservación deberán ser postas en coñecemento do Servizo de Arquitectura da Deputación, debendo emitirse a correspondente memoria ao respecto con carácter previo a súa execución.

SEXTA.- A xestión de públicos e cobro de entradas.

1. O IMCE realizará a xestión da venda de entradas para os espectáculos programados, utilizando as canles habituais para tal fin e imputando a recadación resultante nun subconcepto do Estado de ingresos do orzamento creado especificamente para os ingresos do Teatro Colón.
9.5.- Para o acceso como persoal funcionario de carreira ao Subgrupo C2, 12,10 €

9.6.- Para o acceso como persoal funcionario de carreira por Agrupación profesional, 9,65 €

O acordo que ao respecto se adopte, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal N^o 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame.

Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o previsto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo."

26.-DAR CONTA DOS PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO 2019-2021.

O Pleno toma coñecemento do contido dos Plans orzamentarios a medio prazo 2019-2021, de aprobación polo presidente.

27.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 7.639 DO 28/02/2018 SOBRE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL.

O Pleno toma coñecemento da seguinte Resolución da Presidencia: Número 7.639 do 28 de febreiro de 2018 sobre nomeamento de persoal eventual.

28.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2017 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

PRIMEIRO: Tomar coñecemento da liquidación consolidada do orzamento do exercicio 2017 da Deputación provincial e a do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña co seguinte detalle:

ESTADO DE INGRESOS	Previsións Orzamentarias		Dereitos Recoñecidos Netos	Recadación Líquida
	P. Iniciais	P. Definitivos		
Capítulos Económicos				
1. Impostos directos	16.554.058,91	16.554.058,91	17.596.535,00	16.275.474,30
2. Impostos indirectos	14.253.764,85	14.253.764,85	15.084.978,13	13.839.422,26
3. Taxas e outros impostos	11.307.117,09	11.332.117,09	11.976.299,70	11.329.816,81
4. Transferencias correntes	139.079.039,16	142.916.933,26	151.894.318,90	140.014.273,68
5. Ingresos patrimoniais.	386.244,87	386.244,87	315.080,88	315.080,88
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	181.580.224,88	185.443.118,98	196.867.212,61	181.774.067,93
6. Alleamento de investimentos reais	134.400,00	134.400,00	1.948.876,88	1.670.904,44
7. Transferencias de capital	-	6.565.763,65	70.861,72	31.962,20
8. Activos financeiros	198.850,00	235.209.011,31	1.126.239,85	1.123.255,52
9. Pasivos financeiros	-	-	-	-
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	333.250,00	241.909.174,96	3.145.978,45	2.826.122,16
TOTAL CAPÍTULOS	181.913.474,88	427.352.293,94	200.013.191,06	184.600.190,09

ESTADO DE GASTOS	Créditos Orzamentarios		Obrigas Recoñecidas Netas	Pagos Realizados
	C. Iniciais	C. Definitivos		
Capítulos Económicos				
1. Gastos de Persoal	39.644.266,24	39.807.960,94	37.659.536,12	37.634.392,01

2. Gastos en Bens Correntes e Servizos	33.209.986,98	46.344.247,54	30.301.732,59	29.644.465,69
3. Gastos Financeiros	21.000,00	21.341,84	8.250,81	8.250,81
4. Transferencias Correntes	45.168.888,16	79.871.209,50	50.240.673,13	50.025.878,44
5. Fondos de Continxencia. e out. imprevistos.	3.530.000,00	3.530.000,00	-	-
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	121.574.141,38	169.574.759,82	118.210.192,65	117.312.986,95
6. Investimentos Reais	18.141.562,50	59.039.797,95	14.868.924,61	14.608.495,75
7. Transferencias de Capital	20.117.000,00	167.235.419,02	43.246.314,32	42.032.451,74
8. Activos Financeiros	22.080.771,00	29.853.917,33	10.589.229,52	10.543.928,33
9. Pasivos Financeiros	-	-	-	-
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	60.339.333,50	256.129.134,30	68.704.468,45	67.184.875,82
TOTAL CAPÍTULOS	181.913.474,88	425.703.894,12	186.914.661,10	184.497.862,77

Entre as previsións definitivas de ingresos (427.352.293,94 €) e o crédito definitivo de gastos (425.703.894,12 €) existe unha diferenza de 1.648.399,82 euros, que concorda co resto da achega provincial correspondente ao terceiro e cuarto trimestre do ano 2016 que o Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña considerou como dereitos recoñecidos do dito exercicio e a Deputación provincial, non obstante, incorporouno como remanente de crédito do exercicio 2016.

SEGUNDO: Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.

29.-APROBAR A PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE O INFORME DE RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS A QUE SE REFIRE O ARTIGO 218.1 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes de reparos emitidos polo órgano interventor nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

SEGUNDO: A remisión de todos os reparos formulados aos órganos de control externo, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia.

TERCEIRO: Tomar en consideración as recomendacións formuladas polo órgano interventor, e tomar as medidas correctoras que se teñen anunciado en cada unha das consideración expostas anteriormente."

30.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

INTERVENCIONES

Sra. Delso Carreira

Moi breve. Gustaríame agradecer que por fin vexamos saír adiante este debate e esta modificación que entendemos tan necesaria. Cando chegamos aquí dixemos que viñamos para vixiar que mudasen as políticas que se viñan realizando nesta institución, pero que para iso entendiamos que tamén como moi necesario que dentro desa mudanza entrase tamén a necesaria transformación das propias institucións, e nesa liña tamén a modernización e o achegamento e a apertura da institución ao conxunto da cidadanía.

Desde o comezo demandamos unha serie de cambios que non deberían de repercutir unicamente en que as deputadas e os deputados fixeramos mellor o noso traballo, senón sobre todo, como dicía antes, que a cidadanía tivese máis fácil acceso a acadar información das decisións que aquí se toman.

Por iso insistimos moito na necesidade de que estes Plenos puidesen retransmitirse por streaming, e tamén resaltar e agradecer ao Goberno que respondera a esta petición, e resaltar que dentro desta modificación do Regulamento, digamos que esta retransmisión xa se considera de obrigado cumprimento, e entón queda regulada.

As propostas que sumamos tamén a este Regulamento, a través das emendas que presentou o Grupo provincial da Marea Atlántica, son a expresión de dous eixos que consideramos fundamentais na nosa acción política. Por un lado a ética e a transparencia, e por outro lado os pasos decididos cara á igualdade de xénero efectiva.

Respecto do primeiro vemos moi positiva a decisión de poder incorporar dentro deste Regulamento as nosas emendas no que ten que ver coa publicidade e a publicación das axendas dos cargos públicos e o tratamento tamén dos agasallos institucionais.

Respecto do necesario traballo a prol dunha igualdade de xénero efectiva, e de introducir neste caso dentro da administración medidas que camiñen cara a afondar nas necesarias medidas de conciliación, temos que resaltar a aposta pola conciliación e os coidados no eido da representación pública que significa que dentro deste novo Regulamento se incorpore a posibilidade de poñer en marcha un sistema de asistencia virtual e voto telemático que apoie e que permita que deputadas e deputados se atopen en casos de baixa por maternidade ou paternidade ou enfermidade grave, que poidan exercer o seu voto.

Esperamos que dentro desta liña e dentro destas políticas de avance necesario dentro das institucións deban trasladarse tamén ao conxunto da sociedade, e esperamos que nalgún momento isto sexa habitual e convencional, pero mentres

tanto, cando menos, resaltalo e de aí a vontade que tiñamos de deixar constancia dentro desta intervención.

E remato xa lembrando dalgunha maneira dúas emendas que non foron aceptadas e que nós seguiremos convidando ao goberno provincial a reflexionar sobre estas emendas non aceptadas, especialmente unha que fala do rexeitamento do cobro por asistencia a comisións, porque entendemos que forma parte das obrigas laborais que temos como deputadas e deputados, que teñan dedicación parcial ou exclusiva. Lembrar que tanto no Concello da Coruña como no código ético do noso Grupo, da Marea Atlántica, incluímos esa obriga, e nós como deputadas e deputados xa as aplicamos na práctica diaria, negándonos a aceptar o cobro de dietas polas comisións, e nós seguiremos traballando nesta liña.

E logo tamén outra emenda, que sempre o falamos directa ou indirectamente, e incluso tamén informalmente, da necesidade que nós entendemos que hai de que nestas sesións se poidan regular, digamos, os tempos de intervención. A experiencia que temos no Concello da Coruña é moi diferente aos Plenos desta casa e entendemos que a veces aquí se dan intervencións moi desordenadas e incluso longas. Pero non imos facer causa disto, e si que demandamos ao presidente do Pleno nese sentido a poñer maior énfase no desenvolvemento das súas competencias na ordenación dos debates.

E para rematar, resaltar tamén o que tamén se conseguiu de adaptación á linguaxe inclusiva de todo este novo regulamento. O noso voto a favor, e nada máis grazas.

Sr. Presidente

Intervencións longas, dis?, vai ás Pontes aos Plenos.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, bos días. En primeiro lugar nós, como Grupo provincial, imos adiantar o noso sentido do voto, que vai ser en contra desta aprobación inicial, con independencia de que, é certo, e valoramos moi positivamente, creo que é evidente que aquí houbo un gran traballo respecto de tratar de acadar un consenso respecto de cuestións como a transparencia, de cuestións como a regulación dos tempos das intervencións, non dos tempos, pero si das intervencións nos Plenos. A verdade é que nós pensamos que tal e como vén funcionando esta casa non é necesario, non engadiría nada limitar os tempos, creo que salvo algunha excepción os Plenos da Deputación funcionan de forma razoable, pero en todo caso nós si que queremos trasladar que a nosa posición de voto está focalizada nunha única cuestión.

Nós cremos que neste regulamento era o punto necesario, o momento para establecer unha cuestión que nós cremos que é absolutamente clara, polo menos etimoloxicamente, e é ordenar o que aquí temos que considerar como Grupo provincial. A Deputación é un ente que abrangue toda a provincia, nós cremos que os asuntos que se han debater neste Pleno deben ser asuntos de interese provincial, e polo tanto nós cuestionamos o que está acontecendo nestes momentos na Deputación, e cremos que debería ser o Regulamento orgánico o espazo axeitado para proceder a unha determinación clara do que é Grupo provincial, de acordo

incluso coa etimoloxía da palabra Grupo. Definición de grupo, de acordo co dicionario, é "conxunto de persoas e cousas que están xuntas ou reunidas e que contan con algunha característica en común". Polo tanto, dá a sensación de que grupo e un, como que non casa moito. E, polo tanto, nós cremos que incluso se nos axustamos ao que establece a Lei de administración local de Galicia, é certo que nos artigos correspondentes á administración local, a administración municipal, di no seu artigo 74.4 e 74.5 que "Se integrarán en todo caso no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtiveran un mínimo de dous escanos. No suposto de que non existise grupo mixto este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que tivera un só escano".

Nós trasladamos ao Grupo de Goberno da Deputación que estaríamos a favor de determinar que, por exemplo, para constituír un Grupo provincial fora necesaria a existencia de tres deputados dunha determinada forza política ou coalición, ou tamén incluso deixar aberta a posibilidade de que foran dous deputados cando estes pertencen a partidos xudiciais diferentes, incluso trasladamos a posibilidade, é certo que nós votamos a favor no Pleno de organización, é certo que nestes momentos temos unha determinada organización nesta Deputación, de acordar unha redacción para que entrara en vigor con vistas ao próximo mandato provincial para despois das vindeiras eleccións municipais. A verdade é que esas formulacións foron rexeitadas polo Goberno e nós lamentablemente, tendo en conta estas circunstancias, imos votar en contra con independencia de que no resto das cuestións estamos absolutamente de acordo na nova redacción do Regulamento orgánico provincial. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Digo por alusións porque son hoxe aquí o único que non sería Grupo coa intervención do Partido Popular e se o Partido Popular gobernara. Eu non son independente, eu son unha persoa que pertence a un partido político que se chama Alternativa dos Veciños, Alternativa dos Veciños son grupos de persoas, moitísimas, foron nove mil e pico nas recentes eleccións, as que apoiaron ao Grupo Alternativa dos Veciños, polo tanto somos eses grupo de persoas que traballan arreo no conxunto da comarca, porque non só, eu non estou aquí por votarme os cidadáns de Oleiros, tamén os da comarca da Coruña, os da Coruña, 2.000 da Coruña, 1.700 de Culleredo e 670 de Arteixo, polo tanto, a provincia, está claro que ningún dos partidos que está aquí seguro que se presentou no cen por cento dos concellos da provincia, afirmaríase case. Polo tanto, son Grupo, un Grupo que está loitando por cambiar as cousas, e que ademais no futuro, e eu dicíao na Comisión, intentaremos ser moito máis grandes, por que? porque imos abranguer máis territorio para que as persoas que confían na nosa política poidan facelo e, polo tanto, aparecer aquí con máis deputados. Eu creo que con dous deputados son xa os que xa podería afirmar que vai haber aquí de Alternativa dos Veciños na próxima Corporación.

E, por tanto, algo teremos que dicir tamén naquel momento, porque tamén na Comisión se dicía, non, imos sacar, é que cobra tanto Alternativa dos Veciños como cobra o Partido Popular, non, a Alternativa dos Veciños danlle un diñeiro como Grupo político, que iso é o que hai que facer nas institucións para que non rouben, para que non caceen, hai que pagarlles os gastos de funcionamento como partido, estou totalmente de acordo, e polo tanto nós eses cartos gastámoslos e xustificámoslos cada

tres meses aquí na Deputación, eses 1.150 euros que se me dan para gastos de organización do partido político, facémolo.

Por certo, quéixanse de que cobramos máis que eles e despois vendo os resultados hai Grupos políticos, entre eles o Partido Popular, que non foron capaces de gastar os cartos que a Deputación lle puxo a disposición durante o ano, que manda truco!, iso quere dicir que moi mal funciona o Partido nese aspecto.

Eu comprendo que o Partido Popular se preocupe deste tema, non se preocupou cando ocupamos aquí as prazas, e se ocupa agora, non sei se será porque o PP ao mellor está pretendendo eliminar as posibles novas candidaturas que poida haber por aí e que tanto dano lle poden facer, que son da mesma casa, non estou a favor desa candidatura, para nada, non estou a favor desa candidatura para nada pero os feitos están aí e eu non os provoqueei. Polo tanto, ao mellor a preocupación vai por aí, e eu pódoo comprender, pero eu son un Partido que ten trinta e oito anos, xa vello, xa imos vellos, como diría algún, casta, pero non somos casta, somos casta pura e dura de galegos honestos, capaces, honrados, que estamos a loitar polo noso país, dese tipo de casta é o que son eu, os demais, cada un, vou aforrar á frase, que lamba o seu pinrel.

Polo tanto, deixar claro isto, somos Grupo, somos Grupo e imos ser moito máis Grupo.

Sra. Sanmartín Rei

Eu o que quería salienta é que este Goberno o que fai é cumprir os acordos que tomou e intentar actualizar e modernizar xustamente toda unha regulación que había que o problema é que levabamos con este regulamento case trinta anos, e ese si que era un problema, era necesario actualizalo, actualizalo porque normativamente houbo disposicións que mudaron, había necesidade de deixar constancia dunha serie de cuestións nese regulamento e aproveitar por tanto para modernizalo. Nese sentido abriuse na Xunta de portavoces un tempo para estar durante meses xustamente de debate ao redor de que cuestións se querían incorporar e cales non, e claro, eu o que boto en falta é que durante ese tempo o Partido Popular, que agora aquí di que vai votar en contra, non fixo esas propostas, non puxo enriba da mesa esta discusión. De calquera maneira podemos dála agora ou en calquera momento, o que espero é que non hai que pasar trinta anos para facelo, espero que cada certo tempo, cando menos, se revise esta regulamentación interna porque é necesario.

Eu creo, en todo caso, que debemos de separar o que significa os cartos que se reciben como Grupo da representación. Se falamos do tema de representación, entendemos, tal e como se fixo desde o inicio, que é posible esta interpretación, é posible a interpretación de que Grupo o conforme unha persoa, tal e como quedou reflectido así desde o inicio deste mandato, é posible, e ademais iso nós entendemos que lle dá riqueza, pluralidade, participación e desde esa perspectiva de que, canto máis diversidade haxa, mellor representación teremos do conxunto dos concellos e do conxunto de voces diferentes que conformen xustamente esa representación política, mellor é. Así que, nese sentido, eu entendo que iso é unha cuestión e outra cousa é que en cada un dos mandatos se mire, no Pleno de inicio de mandato, que como

comentou agora o portavoz do Partido Popular é certo que houbo un voto afirmativo xustamente a esa proposta.

Respecto dalgunha das cuestións que comentaba a portavoz de Marea Atlántica, sobre o tema das intervencións desordenadas, eu creo que aquí é un Pleno onde o lóxico é que se poida falar, non creo que haxa extensións excesivas, nin moito menos, creo que teremos moito que aprender desde logo os concellos, o seu da Coruña, e o meu de Santiago, tamén todos, porque ás veces o que facemos é eses Plenos interminables onde logo ao final xa acabas absolutamente esgotada cando chegas ao final deles. Temos que intentar ser máis áxiles. Nese sentido eu creo que este Pleno é bastante moderado, bastante bo no que se refire a intervencións respecto doutros concellos, e concretamente dos nosos.

E sobre concretamente o tema doutra emenda que salientaba eu o que quero dicir sobre o tema do cobro de dietas por comisións, que nós o que facemos é cumprir a lei, como se fai no Concello da Coruña, no Concello de Santiago, ou en tantos outros concellos, as persoas con dedicación total por suposto que non cobran esas comisións, as persoas con dedicación exclusiva, con dedicación total, e con dedicación parcial pois si. Entendemos, é certo, que esta foi unha modificación moi positiva, agradecemos as emendas e as propostas presentadas, tanto por Marea Atlántica, como por Compostela Aberta, que eu creo que se incorporaron en grandísima medida, foron incorporadas moi maioritariamente, e sinto que finalmente este Regulamento non sexa aprobado polo conxunto de Grupos, porque eu creo que se traballou xustamente para que fose un documento que finalmente recollese o espírito xeral do falado, xa digo, en sucesivas, en varias xuntas de portavoces, onde non se fixo ningunha presentación sobre unha emenda que falase, que puxese enriba da mesa debates que non deramos, é dicir, que todo o que se puxo enriba da mesa foron debates que demos, e eu creo que o resultado desde logo mellora moitísimo, como era lóxico, o texto anterior.

Sr. Fernández Piñeiro

Incidindo un pouco no que dicía a Sra. Vicepresidenta, lamentar desde o noso Grupo que o PP se descolgue do acordo, sobre todo por unha cuestión que aparentemente parece menor, sobre todo tendo en conta as melloras que vén a incorporar este Regulamento en canto ao funcionamento desta institución, e ademais entendemos que de facelo a menos, a pouco máis dun ano de rematar a lexislatura, cando foi aprobado, como dixo ademais o propio voceiro ao inicio da mesma, no Pleno de organización, entendíamos que se podería debater no futuro de cara á vindeira lexislatura, pero non en tal caso votar en contra do Regulamento, podería haber algunha abstención en tal caso, pero entendemos que, recoñecendo o propio voceiro do PP as bondades, por dicilo dalgunha maneira, deste Regulamento, entendemos que o voto non vai moi parello en canto á importancia do asunto que xera esta discrepancia, sobre a que poderíamos debater en calquera momento. Simplemente lamentar desde o noso Grupo que non se chegara a un acordo, e se descolgaran finalmente, sobre todo a poucos días da súa aprobación, despois de meses de negociación. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

"PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o **Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña**, coa seguinte redacción:

"REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

artigos

Título I.- Disposicións xerais

1 - 4

Título II.- Estatuto dos/as deputados/as.

5 -31

Capítulo 1.- Adquisición, suspensión e perda da condición de deputado/a. Dereitos e deberes

5-21

Capítulo 2.- Grupos políticos. Xunta de Portavoces

22-28

Capítulo 3.- Rexistro de intereses

29-31

Título III.- Organización necesaria da Deputación

32-50

Capítulo 1.- Constitución, vixencia e fin do mandato corporativo

33-36

Capítulo 2.- Da Presidencia da Deputación provincial

37-42

Capítulo 3.- Das vicepresidencias

43-45

Capítulo 4.- Do pleno

46-48

Capítulo 5.- Da Xunta de Goberno

49-50

Título IV.- Funcionamento dos órganos necesarios da Deputación

51-90

Capítulo 1.- Funcionamento do Pleno

51-83

Sección Primeira.- Requisitos do desenvolvemento das sesións

51-64

Sección segunda.- Dos debates

65-71

Sección terceira.- Das votacións

72-77

Sección cuarta.- Do control e fiscalización polo pleno

da actuación dos demais órganos de goberno

78-81

Sección quinta.- Das actas

82-83

Capítulo 2.- Funcionamento da Xunta de Goberno

84-85

Capítulo 3.- Réxime xeral das delegacións entre os órganos necesarios

86-90

Título V.- Organización complementaria da Deputación

91-103

Capítulo 1.- Órganos complementarios: composición e atribucións

91

Capítulo 2.- Dos/as deputados/as-delegados/as	92-93
Capítulo 3.- Das Comisións Informativas	94-103
Sección primeira.- Composición e ámbito de atribucións	94-98
Sección segunda.- Regras especiais de funcionamento das comisións informativas	99-103

Disposición derogatoria
Disposición final. Entrada en vigor

Título I.- Disposicións xerais

Artigo 1

A Deputación Provincial da Coruña, no exercicio das potestades regulamentaria e de autoorganización que lle recoñecen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e con suxeición a estas, promove polo presente Regulamento a súa organización e réxime de funcionamento.

Artigo 2

As normas contidas no presente Regulamento serán de aplicación preferente a calquera outra disposición organizativa, agás as contidas na lexislación básica do Estado e na Lei de administración local de Galicia. Supletoriamente aplicaranse as normas regulamentarias que sobre organización e funcionamento das entidades locais establecer a Comunidade Autónoma de Galicia e, en último termo, o Estado.

Artigo 3

Corresponde á Presidencia ditar instrucións interpretativas e aclaratorias da normativa sinalada no artigo anterior, para a súa aplicación na Deputación.

Artigo 4

Corresponde ao pleno o control e fiscalización de todos os órganos de goberno.

Título II.- Estatuto dos/as deputados/as.

Capítulo 1.- Adquisición, suspensión e perda da condición de deputado/a. Dereitos e deberes.

Artigo 5

1. A determinación do número de membros da Deputación provincial, o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os supostos de inelixibilidade e incompatibilidade son os regulados na lexislación electoral.

2. As persoas membros da Deputación gozan, unha vez que tomen posesión do seu cargo, das honras, das prerrogativas e das distincións propias deste que se estableceren na Lei do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, e están obrigadas ao cumprimento estrito dos deberes e obrigas inherentes a aquel.

Artigo 6

A persoa deputada que resulte proclamada electa deberá presentar a credencial perante a Secretaría xeral.

Artigo 7

Quen tiver a condición de deputado/a quedará, non obstante, suspendido/a nos seus dereitos, prerrogativas e deberes cando unha resolución xudicial firme condenatoria o comportar.

Artigo 8

As persoas deputadas provinciais perderán a súa condición de tales polas seguintes causas:

1. Por decisión xudicial firme, que anule a elección ou proclamación.
2. Por morte ou incapacitación, declarada esta por decisión xudicial firme.
3. Por extinción do mandato, ao expirar o seu prazo, sen prexuízo de que continúe nas súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión das persoas que as sucederen.
4. Por renuncia, que deberá facerse efectiva por escrito perante o pleno da Corporación.
5. Por incompatibilidade, nos supostos e condicións establecidos na lexislación electoral.

Artigo 9

1. Os/as deputados/as deberán observar en todo momento as normas sobre incompatibilidade e deberán poñer en coñecemento da Corporación calquera feito que puiden constituír causa desta.

2. Producida unha causa de incompatibilidade e declarada esta polo pleno corporativo, a persoa afectada por tal declaración deberá optar, no prazo dos dez días seguintes a aquel en que reciba a notificación da súa incompatibilidade, entre a renuncia á condición de deputado/a ou o abandono da situación que dea orixe á referida incompatibilidade.

3. Transcorrido o prazo sinalado no número anterior sen que fose exercitada a opción entenderase que a persoa afectada renuncia ao seu posto de deputado/a, e o pleno corporativo deberá declarar a vacante correspondente e poñer o feito en coñecemento da Administración electoral para os efectos previstos nos artigos 182 e 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Artigo 10

Son dereitos e deberes das persoas membros da Corporación provincial os recoñecidos na Lei 7/1985, de 2 de abril e os regulados no seu desenvolvemento e aplicación polas disposicións estatais alí mencionadas, no Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, e pola lexislación de Galicia sobre réxime local. En defecto destas últimas aplicaranse as normas dos artigos seguintes.

A persoa deputada impedida para exercer o seu mandato por si mesma por razón dunha discapacidade poderá servirse, na medida en que sexa preciso e resulte posible, dunha persoa da súa confianza que poderá adscribirse ao persoal eventual da Corporación.

Artigo 11

1. As persoas membros da Corporación provincial teñen o dereito e o deber de asistir, con voz e voto, ás sesións do pleno e ás daqueles outros órganos colexiados de que formaren parte, agás xusta causa que llelo impida, que deberán comunicar coa antelación necesaria á Presidencia da Corporación.

2. As/os deputadas/os da Corporación farán públicas as súas axendas de actos institucionais con comunicación mediática.

Artigo 12

1. As persoas membros da Corporación provincial terán dereito a percibir, con cargo ao orzamento da Deputación provincial, as retribucións, asistencias e indemnizacións que corresponderen, no marco do réxime establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (artigos 75, 75bis e 75ter) e consonte ás determinacións concretas contidas nas bases de execución dos orzamentos e nos pertinentes acordos plenarios.

2. As retribucións ou indemnizacións das persoas deputadas non adscritas non poderán superar as que lles corresponderían de permanecer integradas no grupo político da súa candidatura.

3. As persoas membros da Corporación renunciarán á recepción de obsequios e a privilexios materiais, coa excepción daqueles que cumpriren unha función puramente protocolaria. No caso dos agasallos de carácter institucional, pasarán a consignarse e catalogarse formando parte do inventario provincial.

Artigo 13

O pleno da Deputación fixará cada ano a contía das retribucións e indemnizacións ao/a presidente/a e deputados/as e as súas modalidades, dentro das correspondentes consignacións orzamentarias e cos límites que, con carácter xeral, se estableceren.

Artigo 14

1. Todas/os as/os deputadas/os teñen dereito a obter da Presidencia ou da Xunta de goberno todos os antecedentes, datos e informacións que, obrando en poder dos Servizos provinciais, resultaren precisos para o desenvolvemento da súa función.

2. Este dereito só poderá ser limitado, total ou parcialmente, nos seguintes casos:

a) Cando o coñecemento ou difusión dos documentos ou antecedentes puiden vulnerar o dereito constitucional á honra, á intimidade persoal ou familiar e á propia imaxe das persoas.

b) Se se tratar de materias relativas á seguranza cidadá a publicidade das cales puidese incidir negativamente nesta.

c) Se se tratar de materias clasificadas nos termos da lei sobre segredos oficiais.

d) No caso de tratar de materias amparadas polo secreto estatístico ou que incidan no ámbito protexido pola lexislación que limita o acceso aos bancos de datos informáticos.

e) Cando se trate de antecedentes que se atopen incorporados a un proceso xudicial penal, mentres permaneceren baixo secreto sumarial.

3. A petición de acceso ás informacións entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que a Presidencia ou a Xunta de goberno non diten resolución ou acordo denegatorio no termo de cinco días naturais, a contar desde a data de solicitude.

4. En todo caso, a denegación do acceso á documentación informativa haberá de facerse a través de resolución ou acordo motivado.

Artigo 15

Non obstante o disposto no número 1 do artigo anterior, os servizos administrativos estarán obrigados a facilitar a información, sen necesidade de que a persoa membro da Corporación acredite estar autorizado, nos seguintes casos:

a) cando se trate do acceso dos membros da Corporación que teñan delegacións ou responsabilidades de xestión, á información propia destas.

b) cando se trate do acceso de calquera membro da Corporación, á información e á documentación correspondente aos asuntos que deban ser tratados polos órganos colexiados de que formen parte, así como ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano provincial.

c) cando se trate do acceso dos membros da Corporación á información ou á documentación da entidade local que sexan de libre acceso para a cidadanía.

Artigo 16

A consulta e exame concreto dos expedientes, libros e documentación en xeral rexeráse polas seguintes normas:

a) A consulta xeral de calquera expediente ou antecedentes documentais poderá realizarse, ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se atope, ben mediante a entrega destes ou de copia á persoa membro da Corporación interesada para que poida examinalos no seu despacho ou salas reservadas a membros da Corporación. O libramento de copias limitarase aos casos citados de acceso libre das persoas deputadas á información e aos casos en que sexa expresamente autorizado pola Presidencia.

b) En ningún caso os expedientes, libros ou documentación poderán saír do Pazo Provincial, ou das correspondentes dependencias e oficinas provinciais.

c) A consulta dos libros de actas e dos libros de resolucións da Presidencia deberá efectuarse no arquivo ou na Secretaría Xeral.

d) O exame de expedientes sometidos a sesión poderá facerse só no lugar en que estiveren de manifesto a partir da convocatoria.

e) En todo caso, o acceso á información realizarase preferentemente por medios informáticos.

Artigo 17

No suposto de entrega previsto no artigo anterior, e para os efectos do oportuno control administrativo, a persoa interesada deberá asinar un xustificante de recepción e terá a obriga de devolver o expediente ou documentación nun prazo máximo de corenta e oito horas, ou antes, en función das necesidades do trámite do expediente en cuestión.

Artigo 18

As persoas membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que servirán de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida facilitárselles, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Artigo 19

As persoas membros da Deputación provincial non poderán invocar ou facer uso da súa condición para o exercicio de calquera actividade mercantil, industrial ou profesional.

Artigo 20

Sen prexuízo das causas de incompatibilidade establecidas pola lei, as persoas membros da Corporación provincial deberán absterse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de todo asunto cando concorrer algunha das causas a que se refire a lexislación de procedemento administrativo e contratos das administracións públicas.

Artigo 21

1. As persoas membros da Corporación provincial están suxeitas á responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo.
2. Dos acordos dos órganos colexiados da Deputación provincial serán responsables aquelas persoas dos seus membros que os votaren favorablemente.
3. A responsabilidade das persoas membros da Corporación provincial esixirase perante os Tribunais de Xustiza competentes e tramitarase polo procedemento ordinario aplicable.

Capítulo 2.- Grupos políticos. Xunta de Portavoces

Artigo 22

1. As persoas membros das Corporacións locais, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos.
2. Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

Artigo 23

1. Os grupos políticos constituiranse mediante un escrito dirixido á Presidencia e subscrito por todas as persoas que os integren, que se presentará na Secretaría

xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

2. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de portavoz do grupo; poden designarse tamén suplentes.

3. Da constitución dos grupos políticos e das persoas que os integren e portavoces, a Presidencia dará conta ao pleno na primeira sesión que teña lugar tras cumprirse o prazo previsto no número 1 deste artigo.

4. As persoas membros da Corporación que adquiriren a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva da Corporación deberán incorporarse aos grupos, conforme ás regras acordadas pola Corporación.

5. As persoas deputadas que non se integren no grupo político que constitúa o partido ou coalición pola que fosen elixidas, ou deixen de formar parte deste xa sexa por exclusión ou abandono, terán a consideración de deputadas/os non adscritas/os.

Artigo 24

O pleno da Corporación, con cargo aos orzamentos anuais, asignará aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se estableceren con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que puideren constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación a que se refire o parágrafo anterior, que porán á disposición do pleno da Corporación sempre que este o solicitar.

O réxime das asignacións aos grupos políticos será regulado nas bases de execución dos orzamentos.

Artigo 25

Na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da Deputación provincial, os diversos grupos políticos disporán na súa sede dun despacho ou local para se reuniren de maneira independente e recibir visitas de cidadáns/ás, e a Presidencia ou o membro da Corporación responsable da área de réxime interior porá á súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais.

Artigo 26

1. Os grupos políticos poderán facer uso de locais da Corporación para desenvolveren reunións ou sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais da poboación.

2. O/a presidente/a ou a persoa membro corporativo responsable da área de réxime interior establecerán o réxime concreto de utilización dos locais por parte dos grupos

da Corporación, tendo en conta a necesaria coordinación funcional e de acordo cos niveis de representación política de cada un deles.

3. Non se permitirán este tipo de reunións coincidindo coas sesións do pleno ou da xunta de goberno.

Artigo 27

Corresponde aos grupos políticos designar, mediante escrito da persoa que exerza a portavocía dirixido á Presidencia e nos termos previstos en cada caso no presente Regulamento, a aquelas persoas dos seus compoñentes que haxan de representalos en todos os órganos colexiados integrados por membros da Corporación pertencentes aos diversos grupos.

Artigo 28

1. A Xunta de Portavoces está constituída, baixo a presidencia do/a presidente/a da Deputación, por todas a persoas portavoces dos grupos políticos.

2. Son funcións da Xunta de Portavoces:

- a) Acceder ás informacións que a Presidencia lle proporcione para difundila entre os membros do seu grupo.
- b) Canalizar as peticións dos grupos en relación co seu funcionamento e coa súa participación nos debates corporativos.
- c) Consensuar o réxime dos debates en sesións determinadas.
- d) Cantas outras considerar oportuno atribuírle a Presidencia.

3. A Xunta de Portavoces terá sempre carácter deliberante.

4. A Xunta de Portavoces reunirse cando sexa convocada pola Presidencia do Pleno, por decisión propia ou tras a solicitude motivada dun terzo dos grupos provinciais que integran a corporación. Neste último caso, a Presidencia deberá convocala no prazo máximo de cinco días hábiles desde a solicitude e propor a orde do día.

Capítulo 3.- Rexistro de intereses

Artigo 29

1. De acordo co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, constituiranse na Secretaría da Corporación os Rexistros de Intereses dos seus membros, constituídos polo Rexistro de bens patrimoniais e polo Rexistro de causas de posible incompatibilidade e de actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.

A custodia e dirección dos Rexistros corresponde ao/á secretario/a.

2. Todas as persoas membros da Corporación teñen o deber de formular, perante os Rexistros, declaración das circunstancias a que se refire a lei:

- a) Antes de tomar posesión do seu cargo.

- b) Cando se produciren variacións ao longo do mandato. Neste caso, o prazo para comunicar as variacións será dun mes a contar desde o día en que se produciren.
- c) Con ocasión do cesamento do cargo.

Artigo 30

1. As declaracións de intereses formularanse en documentos que fagan fe da data e da identidade da persoa declarante e do seu contido, nos que, en todo caso, haberán de constar os seguintes extremos:

A) Rexistro de bens patrimoniais:

Identificación dos bens mobles e inmobles integrantes do patrimonio persoal, con designación, no seu caso, da súa inscrición rexistral, e data de adquisición de cada un. Formularase declaración, ademais, da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

B) Rexistro de causas de posible incompatibilidade e de actividades que proporcionen ou puideren proporcionar ingresos económicos.

a) Intereses ou actividades privadas que, sexan ou non susceptibles de proporcionar ingresos, afecten ou estean en relación co ámbito de competencias da Corporación.

b) Relación de actividades e ocupacións profesionais, mercantís o industriais, traballos por conta allea e outras fontes de ingresos privados, con especificación do seu ámbito e carácter e dos empregos ou cargos que se teñan en entidades privadas, así como o nome ou a súa razón social.

2. As declaracións efectuaranse en formatos normalizados aprobados polo pleno corporativo e serán asinadas pola persoa interesada e polo/a secretario/a xeral en calidade de persoa fedataria pública municipal.

Artigo 31

1. Tanto o Rexistro de bens patrimoniais como o Rexistro de causas de posible incompatibilidade e de actividades terán carácter público.

2. Publicaranse na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña as declaracións de incompatibilidades e de actividades e de bens patrimoniais das persoas membros da Corporación nun formato que non sexa susceptible de modificación por terceiros, segundo os modelos aprobados polo Pleno da Deputación, coas adaptacións que foren precisas para a protección dos datos de carácter persoal, de acordo co establecido na lexislación pertinente. En todo caso, omitiranse os datos relativos á localización concreta dos bens inmobles e garantirase a privacidade e seguridade dos seus titulares. A publicidade das declaracións na sede electrónica da Deputación será cancelada ao finalizar o mandato do deputado provincial

3. Baixo a custodia e dirección do/a secretario/a manteranse na Secretaría Xeral da Deputación o Rexistro de Intereses do Persoal Directivo, consonte ao previsto no número 2 da disposición adicional decimo quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Réxime Local [LBRL], e mais o Rexistro Especial de Bens Patrimoniais ao que se refiren os dous últimos parágrafos do artigo 75.7 LBRL.

Título III.- Organización necesaria da Deputación

Artigo 32

1. A Deputación é o órgano de goberno e administración da provincia, como entidade local, con carácter de Corporación de dereito público.

2. Son órganos necesarios da Deputación:

- a) A Presidencia.
- b) As vicepresidencias.
- c) O Pleno.
- d) A Xunta de goberno.
- e) A Comisión especial de contas.

Capítulo 1.- Constitución, vixencia e fin do mandato corporativo

Artigo 33

1. O terceiro día anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva da Deputación, as persoas membros desta que deban cesar, tanto do pleno como da xunta de goberno, xuntaranse en sesión convocada ao só efecto de aprobaren a acta da última sesión que tivo lugar.

2. O/a secretario/a e o/a interventor/a tomarán as medidas precisas para que o día da constitución da nova Corporación sexa efectuado un arqueo e estean preparados e actualizados todos os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na Caixa Provincial ou en entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

Artigo 34

1. A sesión constitutiva da Deputación provincial realizarase no quinto día hábil posterior á proclamación de deputados/as electos/as pola última Xunta Electoral de Zona que a realice, ás doce horas, no Salón de plenos do Palacio Provincial, tras a entrega das credenciais respectivas ao/a secretario/a da Corporación. Se se interpuxer recurso contencioso-electoral contra acordos das Xuntas Electorais de Zona sobre proclamación de deputados/as electos/as, a Deputación constituirase o quinto día hábil posterior a aquel en que se dite ou deba ditarse a sentenza a que se refire o artigo 113 da Lei orgánica do Réxime electoral xeral, agás que os Tribunais de Xustiza ou as Xuntas Electorais atinxidas resolveren outra cousa.

2. Se na hora e data sinaladas para realizar a sesión constitutiva da Deputación provincial concorre a esta un número inferior á maioría absoluta de persoas deputadas electas, estas entenderanse convocadas automaticamente para desenvolver a sesión constitutiva, dous días despois, no mesmo local e na mesma hora. Nesta sesión a Corporación constituirase, calquera que fose o número de deputados/as que concorreren.

3. A sesión constitutiva, na hora sinalada para este obxecto, presidirase por unha Mesa de Idade, integrada polas persoas deputadas de maior e menor idade presentes no acto, e actuará de secretario/a quen o sexa da Corporación.

A Mesa comprobará as credenciais presentadas ou acreditacións de personalidade das persoas electas, con base nas certificacións que remitise a Xunta Electoral de Zona, e declarará constituída a Corporación. Acto seguido procederase a elixir o/a presidente/a de entre os seus membros, consonte ao disposto na lexislación electoral. A votación será secreta mediante papeleta en urna e será proclamado presidente/a quen obtiver maioría absoluta en primeira votación e, de non alcanzarse esta, maioría simple nunha segunda votación. En caso de se producir empate nesta segunda votación, haberá de atribuírse o cargo sucesivamente á persoa candidata da entidade política que máis postos de deputado/a provincial obtivese na provincia ou da entidade política que máis votos tivese na provincia. Se aínda así persistise o empate, a elección resolverase por sorteo.

Artigo 35

Dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, a Presidencia convocará a sesión ou sesións extraordinarias do pleno da Corporación que foren precisas, coa finalidade de resolver sobre os seguintes puntos:

- a) Réxime das sesións do pleno e da xunta de goberno.
- b) Creación e composición das Comisións Informativas permanentes.
- c) Nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados en que deba estar representada.
- d) Coñecemento das resolucións da Presidencia en materia de nomeamento de vicepresidencias e membros da xunta de goberno, e presidencias das comisións informativas, así como das delegacións que a Presidencia estime oportuno conferir.

Artigo 36

1. O mandato de membros da Deputación é de catro anos, contados a partir da data de elección.

2. Unha vez finalizado o seu mandato, as persoas membros das Corporacións cesantes continuarán nas súas funcións só para a administración ordinaria ata a toma de posesión das persoas que as sucederen, e en ningún caso poderán adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada.

Capítulo 2.- Da Presidencia da Deputación provincial

Artigo 37

1. A elección e destitución do/a presidente/a da Deputación réxese polo disposto na lexislación electoral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ao réxime de sesións plenarias da Deputación.

2. Quen resultar proclamado/a presidente/a tomará posesión perante o pleno da Corporación, de acordo coa forma xeneral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos.

3. Se non se atopa presente na sesión de constitución, será requirido/a para tomar posesión no prazo de corenta e oito horas, igualmente perante o pleno corporativo, coa advertencia de que, caso de non facelo sen causa xustificada, estarase ao disposto na lexislación electoral para os casos de vacantes na Presidencia.

4. O/a presidente/a poderá renunciar ao seu cargo sen perder por iso a súa condición de deputado/a. A renuncia deberá facerse efectiva por escrito perante o pleno da Deputación, que deberá adoptar acordo de coñecemento dentro dos dez días seguintes.

En tal caso, a vacante cubrirase na forma establecida na lexislación electoral.

5. Vacante a Presidencia por renuncia do seu titular, morte ou sentenza firme, a sesión extraordinaria para a elección de novo/a presidente/a desenvolverase, cos requisitos establecidos na lexislación electoral, dentro dos dez días seguintes á aceptación da renuncia polo pleno, ao momento da morte ou á notificación da sentenza, segundo os casos.

6. No suposto de que prospere unha moción de censura contra a persoa que exerce a Presidencia ou perda esta unha cuestión de confianza por ela proposta perante o pleno, cesará o/a presidente/a no seu cargo no momento da adopción do acordo. Quen resultar proclamado/a como presidente/a deberá tomar posesión do cargo na forma establecida nos apartados 2 e 3 deste artigo.

Artigo 38

O/a presidente/a da Deputación provincial preside a Corporación e ten as atribucións que lle asignan o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as demais normas concordantes e complementarias.

Artigo 39

A Presidencia dará conta sucinta á Corporación en cada sesión ordinaria do pleno das resolucións que adoptou desde a última sesión plenaria ordinaria para que os/as deputados/as coñezan o desenvolvemento da Administración Provincial para os efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno a que se refire o artigo 33.2, e), da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Artigo 40

1. O/a presidente/a poderá delegar as súas atribucións, agás as mencionadas no artigo 34.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, nos termos previstos neste artigo e nos seguintes.

2. O/a presidente/a pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno, como órgano colexiado. En tal caso, os acordos adoptados por esta en relación coas materias delegadas terán o mesmo valor que as resolucións que ditar o/a presidente/a

en exercicio das atribucións que non delegase, sen prexuízo da súa adopción conforme ás regras de funcionamento da Comisión.

3. O/a presidente/a pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da xunta de goberno, sen prexuízo das delegacións especiais que para cometidos específicos puiden realizar a prol de calquera persoa deputada, aínda que non pertenza a aquela Comisión. As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abranguer tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afectaren a terceiros.

4. Así mesmo o/a presidente/a poderá efectuar delegacións especiais en calquera persoa deputada para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o/a deputado/a que teña unha delegación xenérica, terá a facultade de supervisar a actuación das persoas deputadas con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área.

5. As delegacións especiais poderán ser de dous tipos:

a) Relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afectaren a terceiros.

b) Relativas a un proxecto ou asunto determinado. Neste caso a eficacia da delegación, que poderá conter todas as facultades delegables do/a presidente/a, incluída a de emitir actos que afecten a terceiros, limitarase ao tempo de xestión ou execución do proxecto.

Artigo 41

1. Todas as delegacións a que se refire o artigo anterior serán realizadas mediante Resolución da Presidencia que conterá o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se delegaren, así como as condicións específicas do exercicio destas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste regulamento.

2. A delegación de atribucións do/a presidente/a terá efecto desde o día seguinte ao da data da Resolución, agás que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no «Boletín Oficial» da provincia.

3. As normas dos apartados anteriores serán aplicables a calquera modificación posterior das delegacións.

4. De todas as delegacións e das súas modificacións darase conta ao pleno na primeira sesión que este realizar con posterioridade a estas.

Artigo 42

As delegacións que pode outorgar o/a presidente/a consonte ao disposto no artigo 40, parágrafo 3 deste regulamento, deberán adaptarse ás grandes áreas en que se organicen os servizos administrativos da Deputación.

Capítulo 3.- Das vicepresidencias

Artigo 43

1. As persoas que exerceren vicepresidencias serán libremente nomeadas e cesadas polo/a presidente/a, de entre as persoas membros da xunta de goberno.

Os nomeamentos e os cesamentos faranse mediante resolución da Presidencia, da que dará conta ao pleno na primeira sesión que se realizar, notificándose, ademais, persoalmente ás persoas designadas e publicaranse no «Boletín Oficial» de provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución pola Presidencia, se nela non se dispón outra cousa.

2. A condición de vicepresidente/a pérdese, ademais de polo cesamento, pola renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da xunta de goberno.

Artigo 44

1. Corresponde aos/ás vicepresidentes/as, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao/á presidente/a, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este/a para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do/a presidente/a nos supostos de vacante na Presidencia ata que tome posesión o/a novo/a presidente/a.

2. Cando durante o desenvolvemento dunha sesión houberse de absterse de intervir o/a presidente/a en relación a algún punto concreto desta, conforme ao previsto no artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, substituírao/a automaticamente na presidencia desta o/a vicepresidente/a a que corresponder.

Artigo 45

Nos supostos de substitución do/a presidente/a por razóns de ausencia ou enfermidade, o/a vicepresidente/a que asuma as súas funcións non poderá revogar as delegacións que outorgara o primeiro en virtude do disposto no artigo 40 deste regulamento.

Capítulo 4.- Do pleno

Artigo 46

O pleno da Deputación está integrado por todas as persoas deputadas, e é presidido polo/a seu/súa presidente/a.

Artigo 47

Corresponden ao pleno, unha vez constituído conforme ao disposto na lexislación electoral, as atribucións que lle asignan o artigo 33 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as demais normas concordantes e complementarias.

Artigo 48

1. O Pleno da Deputación provincial pode delegar en todo, ou en parte, calquera das súas atribucións no/a presidente/a e na Xunta de Goberno, agás as enumeradas nos artigos 33.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 28.2 do real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.
2. O acordo plenario polo que se produza a delegación, que se adoptará por maioría simple, terá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no «Boletín Oficial» da provincia. Estas regras tamén serán de aplicación ás modificacións posteriores do devandito acordo.
3. O acordo de delegación conterá o ámbito dos asuntos a que esta se refira e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio destas na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste regulamento.
4. As delegacións do pleno en materia de xestión financeira poderán, así mesmo, conferirse a través das bases de execución do orzamento.

Capítulo 5.- Da Xunta de Goberno

Artigo 49

1. A Xunta de Goberno intégrase polo/a presidente/a, quen a preside e polas persoas deputadas nomeadas libremente por el/a como membros desta.
2. O número de persoas deputadas a que o/a presidente/a pode nomear membros da Xunta de Goberno, non poderá ser superior ao terzo do número legal de membros da Corporación. Para os efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de deputados/as.
3. O/a presidente pode destituír libremente, en todo momento, a calquera membro da Xunta de Goberno.
4. Os nomeamentos e cesamentos serán adoptados coas formalidades prescritas no número 1 do artigo 43 deste regulamento.
5. Poderán ser obxecto dunha soa resolución do/a presidente/a o nomeamento como membro da Xunta de Goberno e a delegación de atribucións a que se refire o artigo 40 deste Regulamento.

Artigo 50

1. É atribución propia e indelegable da Xunta de Goberno a asistencia permanente ao/á presidente/a no exercicio das súas atribucións. Para tal fin, a Xunta de Goberno será informada de todas as decisións do/a presidente/a. Esta información terá carácter previo á adopción da decisión, sempre que a importancia así o requira.

2. Así mesmo a Xunta de Goberno exercerá as atribucións que lle delegaren, en virtude do disposto nos artigos 40 e 48, o/a presidente/a ou o Pleno, e tamén aquelas atribucións que expresamente lle asignaren as leis.

3. O réxime das delegacións do/a presidente/a e do pleno na Xunta de Goberno, rexeráse polo disposto nos artigos 40, 41 e 48 deste regulamento.

Título IV.- Funcionamento dos órganos necesarios da Deputación

Capítulo 1.- Funcionamento do Pleno

Sección Primeira.- Requisitos do desenvolvemento das sesións

Artigo 51

As sesións do pleno poden ser de tres tipos:

- a) Ordinarias.
- b) Extraordinarias.
- c) Extraordinarias de carácter urgente.

Artigo 52

1. Son sesións ordinarias as de periodicidade preestablecida. Esta periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que haberá de convocar o/a presidente/a dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación e non poderá exceder do límite mensual ao que se refire o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

2. Son sesións extraordinarias as convocadas polo/a presidente/a con tal carácter, por iniciativa propia ou á solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún/unha deputado/a poida solicitar máis de tres anualmente. Tal solicitude haberá de facerse por escrito en que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todas as persoas que a subscriben. Non poderá incorporarse o asunto á orde do día dun Pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente as persoas solicitantes da convocatoria.

3. A convocatoria da sesión extraordinaria a instancia de membros da Corporación deberá efectuarse dentro dos catro días seguintes á petición e non poderá retardarse a súa realización por máis de quince días hábiles desde que o escrito tiver entrada no Rexistro Xeral.

4. Se o/a presidente/a non convocase o Pleno extraordinario solicitado polo número de deputados/as indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao da finalización deste prazo, ás doce horas, o que será notificado polo/a secretario/a da Corporación a todas as persoas membros desta ao día seguinte da finalización do prazo citado anteriormente. En ausencia do/a presidente/a ou de quen legalmente deba substituílo/a, o Pleno quedará validamente constituído sempre que concurra polo menos un terzo do

número legal de membros, e neste caso será presidido pola persoa membro da Corporación de maior idade entre as persoas presentes.

Artigo 53

Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo/a presidente/a cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permite convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixida pola Lei 7/1985, do 2 de abril.

Neste caso debe incluírse como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia. Se esta non resulta apreciada polo Pleno, levantarase acto seguido a sesión.

Artigo 54

1. Corresponde ao/á presidente/a convocar todas as sesións do Pleno. A convocatoria das sesións extraordinarias haberá de ser motivada.

2. Á convocatoria das sesións acompañarase a orde do día comprensiva dos asuntos a tratar co suficiente detalle, e os borradores de actas de sesións anteriores que deban ser aprobados na sesión.

3. A convocatoria, orde do día e borradores de actas deberán ser notificados ás persoas deputadas na dirección que elas sinalaren e, en todo caso, na dirección electrónica que determinaren.

4. Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, agás no caso das sesións extraordinarias urxentes.

Artigo 55

1. A convocatoria para unha sesión, ordinaria ou extraordinaria, dará lugar á apertura do correspondente expediente, en que deberá constar:

a) Relación de expedientes concluídos que a Secretaría prepare e poña á disposición da Presidencia.

b) A fixación da orde do día pola Presidencia.

c) As copias das notificacións cursadas a membros da Corporación.

d) Copia do anuncio no taboleiro de edictos da Deputación e, no seu caso, prensa local.

e) Minuta da acta.

f) Copias dos oficios de remisión dos acordos adoptados ás Administracións do Estado e Comunidade Autónoma.

g) Publicación dos acordos no taboleiro de edictos.

2. Sendo preceptiva a notificación a membros das Corporacións Locais das correspondentes ordes do día, na Secretaría Xeral deberá quedar debidamente acreditado o cumprimento deste requisito.

Artigo 56

1. A orde do día das sesións será fixada pola Presidencia que, para tal efecto poderá demandar a asistencia do/a secretario/a. Así mesmo, poderá demandar a asistencia das persoas membros da Xunta de Goberno, e consultar, se o estimar oportuno, a Xunta de Portavoces.

2. Na orde do día das sesións ordinarias deberá diferenciarse con clareza a parte resolutiva do Pleno, na que só poderán incluírse os asuntos que previamente foren ditaminados pola comisión informativa que corresponder, e a parte de control en que queda garantida a participación de todos os grupos na formulación de mocións, rogos e preguntas.

3. O/a presidente/a incluírá na orde do día das sesións ordinarias as mocións presentadas polos grupos ou polos membros da Corporación ata o día anterior ao da convocatoria da sesión. Tamén incluírá sempre nas sesións ordinarias o punto de rogos e preguntas.

4. O/a presidente/a, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgunha das persoas portavoces ou membros non adscritos, asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, mais neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre estes asuntos sen que o pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.

Artigo 57

Serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, así como os que se adopten en sesións ordinarias sobre materias non incluídas na respectiva orde do día, agás especial e previa declaración de urxencia feita polo órgano correspondente, co voto favorable da maioría prevista no artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Artigo 58

Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate e, no seu caso, votación, deberá estar a disposición dos membros da Corporación desde o mesmo día da convocatoria na Secretaría desta.

Calquera membro da Corporación poderá, en consecuencia, examinala e mesmo obter copias de documentos concretos que a integre, mais os orixinais non poderán saír do lugar no que se atopen postos de manifesto.

En todo caso, a Deputación da Coruña implantará os medios técnicos e electrónicos para que a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día sexan postas a disposición das/os deputadas/os por medios electrónicos.

As/os deputadas/os serán responsables do uso, coidado, custodia e intransferibilidade a terceiros dos dispositivos electrónicos, tarxetas, claves, contrasinais, e calquera outro dispositivo ou método técnico que autentique a súa personalidade nos sistemas de asistencia telemática que se implanten.

O horario para exame dos expedientes será o correspondente ao normal de oficinas. Excepcionalmente, cando o número ou a importancia dos asuntos así o requirir, poderá ser ampliado pola Presidencia mediante resolución motivada que deberá ser posta en coñecemento dos/as deputados/as e da Secretaría Xeral.

Artigo 59

1. O Pleno realizará as súas sesións no pazo provincial ou sede da Corporación de que se tratar, agás nos supostos de forza maior en que, a través da convocatoria ou dunha resolución do/a presidente/a ditada previamente e notificada a todas as persoas membros da Corporación, poderá habilitarse outro edificio ou local para tal efecto. En todo caso, farase constar en acta esta circunstancia.

2. En lugar preferente do salón de sesións estará colocada a efíxie da S.M. El-Rei.

Artigo 60

1. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realizaren por escrito en nome da Deputación redactaranse en lingua galega e poderán facerse, ademais, en lingua española.

2. Nos debates poderán utilizarse, indistintamente, a lingua galega ou a española.

Artigo 61

Toda sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, haberá de respectar o principio de unidade de acto e procurarase que remate no mesmo día do seu comezo. Se este rematase sen que se debatesen e resolvesen todos os asuntos incluídos na orde do día, o/a presidente poderá dar por rematada a sesión. Neste caso os asuntos non debatidos haberán de incluírse na orde do día da seguinte sesión.

Durante o transcurso da sesión o/a presidente/a poderá acordar interrupcións ao seu prudente arbitrio, para permitir as deliberacións dos grupos por separado sobre a cuestión debatida, ou para descanso nos debates.

Artigo 62

1. Serán públicas as sesións do pleno. Non obstante, poderá ser secreto o debate e a votación daqueles asuntos que puideren afectar ao dereito fundamental da cidadanía a que se refire o artigo 18.1 da Constitución española, cando así se acordar por maioría absoluta.

2. As sesións do Pleno transmitiranse en tempo real na web da Deputación, gravaranse en vídeo que se custodiará na Secretaría Xeral. Tras a súa finalización, as sesións gravadas publicaranse na web da Deputación. O/a presidente/a poderá, oída a Xunta de Portavoces, decidir a instalación de sistemas megafónicos ou circuítos pechados de televisión para ampliar a difusión auditiva ou visual do desenvolvemento das sesións.

Na medida en que o marco normativo aplicable o permita, porase en funcionamento un sistema de asistencia virtual e voto telemático das persoas deputadas, utilizando tecnoloxías seguras de información e comunicación, nos casos de maternidade, paternidade ou enfermidade grave.

3. O público asistente ás sesións non poderá intervir nestas, nin tampouco poderán permitirse manifestacións de agrado ou desagrado, e o/a presidente/a pode proceder, nos casos extremos, á expulsión da persoa asistente que por calquera causa impida o normal desenvolvemento da sesión.

Artigo 63

As persoas membros da Corporación tomarán asento no salón de sesións unidas ao seu grupo. A orde de colocación dos grupos determinarase pola Presidencia, escoitadas as persoas portavoces, tendo preferencia o grupo formado polos membros da lista que obtivese maior número de votos. En calquera caso, a colocación dos membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

Unha vez establecida a distribución dos asentos de cada grupo, só se modificará, oída a Xunta de Portavoces, no suposto de que algunha persoa deputada deixe de pertencer ao grupo político da súa procedencia e adquira a condición de non adscrita.

Artigo 64

1. Para a válida constitución do Pleno requírese a asistencia dun terzo do número legal de membros da Corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a da Corporación ou de quen legalmente os/as substitúan.

2. Se en primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente a esta hora, dous días despois. Se tampouco entón se alcanzase o quórum necesario, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria adiando o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a primeira sesión que se realice con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Sección segunda.- Dos debates

Artigo 65

As sesións comezarán preguntando o/a presidente/a se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior que se distribuíse coa convocatoria. Se as houberse debateranse e decidirán as rectificacións que procederen.

En ningún caso poderá modificarse o fondo dos acordos adoptados e só caberá rectificar os meros erros materiais ou de feito.

Ao revisar, en cada acta, a aprobación da anterior consignaranse as observacións e rectificacións practicadas.

2. Todos os asuntos se debaterán e votarán pola orde en que estivesen relacionados na orde do día.

3. Non obstante o disposto no número anterior, o/a presidente/a pode alterar a orde dos temas, ou retirar un asunto cando a súa aprobación esixir unha maioría especial e esta non puider obterse no momento previsto inicialmente na orde do día.

4. Nas sesións ordinarias, concluído o exame das mocións incluídas na orde do día, se as houbese, e en todo caso antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, o/a presidente/a preguntará se algún grupo político ou membro non adscrito desexa someter á consideración do pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, a persoa portavoz do grupo propoñente ou, no seu caso, a persoa membro non adscrito xustificará a urxencia da moción e o pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado da votación for positivo seguirase o procedemento previsto no artigo 67 e seguintes deste regulamento.

O disposto neste apartado non será de aplicación, en ningún caso, ás mocións de censura, cuxa tramitación, debate e votación se rexerán polo establecido no artigo 81 deste regulamento.

Artigo 66

1. Calquera persoa deputada poderá pedir, durante o debate, a retirada dalgún expediente incluído na orde do día, para o efecto de se incorporaren a este documentos ou informes, e tamén que o expediente quede sobre a mesa, adiándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ambos os casos, a petición será votada, tras rematar o debate e antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto. Se a maioría simple votase a prol da petición non haberá lugar a votar a proposta de acordo.

2. No suposto de que se trate de asuntos non incluídos na orde do día que requiran informe preceptivo da Secretaría ou da Intervención, se non puidesen emitilo no acto, deberán solicitar do/a presidente/a que se adíe o seu estudo e quedarán sobre a mesa ata a próxima sesión.

Cando esa petición non fose atendida, o/a secretario/a farao constar expresamente na acta.

Artigo 67

Sempre que o solicitar un membro da Corporación, a consideración de cada punto incluído na orde do día comezará coa lectura, íntegra ou en extracto, polo/a secretario/a, do ditame formulado pola Comisión Informativa correspondente, da parte resolutiva das mocións ou, se se trata dun asunto urxente, non ditaminado por Comisión Informativa, da proposición que se somete ao Pleno. Tamén a solicitude de calquera grupo ou dunha persoa membro non adscrito deberá darse lectura íntegra a aquelas partes do expediente ou do informe ou ditame da Comisión que se considerar conveniente para mellor comprensión.

Se ninguén solicitase a palabra tras a lectura, o asunto someterase directamente a votación.

Artigo 68

1. Se se promove debate, as intervencións serán ordenadas pola Presidencia conforme ás seguintes regras:

- a) Soamente poderá facerse uso da palabra previa autorización do/a presidente/a. As persoas oradoras dirixiranse sempre ao/á presidente/a.
- b) As quendas xerais de intervención dos grupos políticos provinciais serán iniciadas en orde inversa á súa importancia numérica e, no caso de empate, polo que teña menor número de votos populares. Se houberse deputados/as non adscritos/as, iniciaranse coa súa intervención.
- c) O debate iniciarase cunha exposición e xustificación da proposta, a cargo dalgún membro da Comisión Informativa que a ditaminou ou, nos demais casos, dalgún dos membros da Corporación que subscriban a proposición ou moción, en nome propio ou do colectivo ou órgano propoñente desta.
- d) A continuación, os diversos grupos e membros non adscritos consumirán unha primeira quenda. O/a presidente/a velará para que todas as intervencións teñan unha duración igual.
- e) Quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar da Presidencia que se conceda unha quenda por alusións, que será breve e concisa.
- f) Se o solicitase algún grupo ou membro non adscrito, procederase a unha segunda quenda. Consumida esta, o/a presidente/a pode dar por terminada a discusión que se pechará cunha intervención do relator en que brevemente ratificará ou modificará a súa proposta.
- g) Non se admitirán outras interrupcións que as do/a presidente/a para chamar á orde ou á cuestión debatida.

2. Os membros da Corporación poderán, en calquera momento do debate, pedir a palabra para presentar unha cuestión de orde, invocando para o efecto a norma a aplicación da cal reclama. O/a presidente/a resolverá o que proceda, sen que por este motivo se emprenda ningún debate.

3. O/a secretario/a e o/a interventor/a poderán intervir cando llelo requira o/a presidente/a por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando estes/as funcionarios/as entendan que no debate se presentou algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou repercusións orzamentarias do punto debatido poderán solicitar ao/á presidente/a o uso da palabra para asesorar a Corporación.

Artigo 69

1. O/a presidente/a poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.
- b) Produza interrupcións ou, de calquera outra forma, altere a orde das sesións.
- c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fose concedida ou unha vez que lle fose retirada.

2. Tras tres chamadas á orde na mesma sesión, con advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, o/a presidente/a poderá ordenarlle que abandone o local en que se estea desenvolvendo a reunión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

Artigo 70

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, algunha persoa membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, deberá abandonar o salón mentres se discuta e vote o asunto, agás cando se trate de debater a súa actuación como corporativo, pois neste caso terá dereito a permanecer e defenderse.

Artigo 71

Para os efectos do desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos membros da Corporación, utilizarase a seguinte terminoloxía:

1. Ditame, é a proposta sometida ao pleno tras o estudo do expediente pola Comisión Informativa. Contén unha parte expositiva e un acordo a adoptar.

2. Proposición, é a proposta que se somete ao pleno relativa a un asunto incluído na orde do día, que acompaña á convocatoria, en virtude do disposto no artigo 56.4 deste regulamento. Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo, así mesmo, a adoptar. Non procederá entrar a debater nin votar unha proposición sen que previamente fose ratificada, de acordo co disposto no referido artigo 56.4, a inclusión do asunto na orde do día.

3. Moción, é a proposta que por iniciativa propia fan, individual ou colectivamente, as persoas deputadas ou os grupos e que se somete directamente ao coñecemento e consideración do pleno. Formularase por escrito e conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo, así mesmo, a adoptar.

Cada grupo político poderá presentar un máximo de dúas mocións por sesión plenaria.

As mocións incluídas na orde do día conforme ao disposto no artigo 56.3 deste regulamento serán debatidas e votadas da mesma forma que os ditames. Se o obxecto da moción implica a tramitación e resolución dun expediente sen instrución previa, o acordo de aprobación polo pleno equivalerá ao acordo de iniciación de oficio dun expediente que, tras a súa instrución, se someterá á Comisión Informativa correspondente para que traslade o seu ditame á Corporación. Se non fose aprobada polo Pleno entenderase concluída a tramitación da moción. Por outra banda, se o obxecto da moción non implica a resolución dun expediente por tratarse dunha declaración de ideas ou dunha posición de contido simplemente político, da comunicación a outras administracións ou particulares de posicións ou puntos de vista da Corporación ou outras decisións de natureza análoga, o acordo que tome o Pleno porá fin á tramitación da moción.

Estas mocións serán obxecto de emendas sempre e cando o grupo promotor das mocións acepte a súa inclusión; do contrario, o grupo emendante deberá presentar as súas emendas como acordo independente.

As emendas ás mocións presentaranse por escrito cunha antelación mínima de 24 horas a respecto da data de inicio da sesión plenaria. No caso das mocións non incluídas na orde do día e que contén con declaración de urxencia, as emendas poderán presentarse oralmente durante a mesma sesión en que se debatan.

As mocións non incluídas na orde do día, presentadas por escrito por calquera deputado ou grupo nunha sesión ordinaria, requirirán a previa declaración de urxencia polo pleno, acordada pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. Declarada a urxencia, seguirase o procedemento e efectos sinalados no apartado anterior. O acordo desestimatorio da urxencia porá fin á tramitación da moción, agás que esta reúna os requisitos sinalados no artigo 56.3 deste Regulamento, pois nese caso incluírase a moción na orde do día da seguinte sesión ordinaria.

4. Declaracións da Xunta de Portavoces ou “declaración institucional”: son exposicións escritas de carácter xeral ou particular sobre un asunto de interese provincial, adoptadas pola Xunta de Portavoces a proposta dun grupo. No caso de que sexan aprobadas por unanimidade dos seus membros e contén, no seu caso, coa aprobación dos membros non adscritos, poderán trasladarse ao pleno da Deputación para que sexan lidas na primeira sesión que se realice. Non poderán ser obxecto de intervencións nin de votación polos membros da Corporación.

5. Voto particular, é a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar ao ditame desde o día seguinte á súa aprobación pola Comisión.

6. Emenda, é a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto.

7. Rogo, é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno provincial. Os rogos formulados no seno do pleno poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.

Poden presentar rogos todos os membros da Corporación, ou os grupos a través das persoas portavoces.

Os rogos poderán ser efectuados oralmente ou por escrito e serán debatidos xeralmente na sesión seguinte, sen prexuízo de que poidan selo na mesma sesión que se formularen se o/a presidente/a o estimar conveniente.

8. Pregunta, é calquera cuestión presentada aos órganos de goberno no seo do pleno. Poden presentar preguntas todas as persoas membros da Corporación, ou os grupos provinciais a través das persoas portavoces.

As preguntas presentadas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas pola persoa destinataria na sesión seguinte, sen prexuízo de que a persoa preguntada queira darlle resposta inmediata.

As preguntas formuladas por escrito serán contestadas pola persoa destinataria na sesión seguinte, sen prexuízo de que a persoa preguntada queira darlle resposta inmediata.

As preguntas formuladas por escrito con vinte e catro horas de antelación, serán contestadas ordinariamente na sesión ou, por causas debidamente motivadas, na seguinte.

Sección terceira.- Das votacións

Artigo 72

1. Finalizado o debate dun asunto, procederase á súa votación.
2. Antes de comezar a votación o/a presidente/a presentará clara e concisamente os termos desta e a forma de emitir o voto.
3. Unha vez iniciada a votación non pode interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación o/a presidente/a non concederá o uso da palabra e ningún membro corporativo poderá entrar no salón ou abandonalo.

Se unha votación resulta dubidosa en canto ao seu resultado, a Presidencia faraa repetir de inmediato a través do procedemento que estime máis oportuno.

4. Rematada a votación ordinaria, o/a presidente/a declarará o acordado.
5. Inmediatamente de concluír a votación nominal, o/a secretario/a computará os sufraxios emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, en vista do cal o/a presidente/a proclamará o acordo adoptado.

Artigo 73

1. O Pleno da Corporación adopta os seus acordos, como regra xeral, por maioría simple das persoas membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son máis que os negativos.
2. Entenderase por maioría absoluta cando os votos afirmativos son máis da metade do número legal de membros da Corporación.
3. O voto dos/as deputados/as é persoal e indelegable.

Artigo 74

1. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, e os membros da Corporación poden absterse de votar.

Para os efectos da votación correspondente considerarase que se absteñen as persoas membros da Corporación que se ausentasen do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No suposto de que se reintegrasen ao salón de sesións antes da votación poderán, desde logo, tomar parte nesta.

2. No caso de votacións con resultado de empate efectuarase unha nova votación, e se persistise o empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

Artigo 75

As votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas.

A votación ordinaria poderá realizarse, por decisión da Presidencia, nunha das seguintes formas:

1º. Por procedemento electrónico que acredite o sentido do voto de cada persoa deputada e os resultados totais da votación.

2º Manifestándose por signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención

Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en último lugar o/a presidente/a e en que cada persoa membro da Corporación, ao ser chamada, responde en voz alta «si», «non» ou «abstéñome».

Son secretas as que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación vaia depositando nunha urna ou bolsa.

Artigo 76

1. O sistema normal de votación será a votación ordinaria.

2. A votación nominal requirirá a solicitude dun grupo provincial aprobada polo Pleno por unha maioría simple en votación ordinaria.

3. A votación secreta soamente poderá utilizarse para elección ou destitución de persoas.

Artigo 77

Proclamado o acordo, os grupos que non interviñesen no debate ou que tras este modificasen o sentido do seu voto, poderán solicitar do/a presidente/a unha quenda de explicación de voto.

Sección cuarta.- Do control e fiscalización polo Pleno da actuación dos demais órganos de goberno

Artigo 78

1. O control e fiscalización polo Pleno da actuación dos demais órganos de goberno exercerase a través dos seguintes medios:

- a) Requirimento de presenza e información de membros corporativos que teñan delegación.
- b) Debate sobre a actuación da Xunta de Goberno.
- c) Moción de censura ao/á presidente/a.
- d) Cuestión de confianza presentada polo/a presidente/a nos supostos e polo procedemento sinalados na lexislación electoral xeral.

Artigo 79

1. Calquera membro da Corporación que por delegación do/a presidente/a teña a responsabilidade dunha área de xestión, estará obrigado a comparecer perante o pleno, cando este así o acordar, ao obxecto de responder ás preguntas que se lle formularen sobre a súa actuación.

2. Acordada polo Pleno a comparecencia mencionada no apartado anterior, o/a presidente/a incluírá o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria que realice a Corporación, notificando á persoa interesada o acordo adoptado e a data en que terá lugar a sesión en que deberá comparecer. Entre esta notificación e a realización da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

3. Non obstante o anterior, os cargos a que se refire o apartado 1 deste artigo poderán aceptar comparecer, se o consideran oportuno, na mesma sesión ordinaria en que se inclúe a solicitude de comparecencia.

4. No desenvolvemento da comparecencia seguirase a orde das intervencións establecidas no artigo 68 deste regulamento, intervindo a persoa informante para dar resposta ás preguntas que lle formulen os diversos grupos políticos da Corporación. En ningún caso, desta comparecencia poderá derivar a adopción de acordos sen cumprirse os requisitos establecidos no artigo 57 deste regulamento.

Artigo 80

1. O Pleno, tras a proposta do/a presidente/a ou mediante solicitude da cuarta parte, ao menos, do número legal de membros corporativos, poderá acordar a realización de sesión extraordinaria con obxecto de someter a debate a xestión da Xunta de Goberno.

2. O desenvolvemento da sesión a que fai referencia o apartado anterior suxeitarase ao establecido con carácter xeral, intervindo en primeiro lugar a persoa autora da proposta para explicar o significado desta. Contestará unha persoa membro da Xunta de Goberno designada por esta e, despois de sendas quendas de réplica, poderán intervir os demais grupos políticos da Corporación para formular preguntas á Xunta de Goberno, que serán contestadas por unha persoa membro desta.

3. Como consecuencia do debate poderá presentarse unha moción con obxecto de que o pleno manifieste a súa posición sobre a xestión da Xunta de Goberno. Se o Pleno admite debater a moción, esta incluírase na orde do día na seguinte sesión plenaria, ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 81

As mocións de censura ao/á presidente/a e as cuestións de confianza presentadas ao Pleno polo/a presidente/a axéitaranse ao disposto na lexislación electoral xeral.

Sección quinta.- Das actas

Artigo 82

1. De cada sesión o/a secretario/a redactará a correspondente acta en que haberá de constar:

- a) Lugar da reunión, con expresión do nome da provincia, municipio e local en que se realiza.
- b) Día, mes e ano.
- c) Hora en que comeza.
- d) Nome e apelidos do/a presidente/a, das persoas membros da Corporación presentes, das ausentes que se escusaron e das que falten sen escusa.
- e) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión, e se se desenvolve en primeira ou en segunda convocatoria.
- f) Asistencia do/a secretario/a, ou de quen legalmente o/a substitúa, e presenza do/a funcionario/a responsable da Intervención, cando concorra.
- g) Asuntos que examinen, opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que intervirán nas deliberacións e incidencias destas.
- h) Votacións que se verifiquen e no caso das nominais o sentido en que cada membro emita o seu voto. Nas votacións ordinarias farase constar o número de votos afirmativos, dos negativos e das abstencións. Farase constar nominalmente o sentido do voto cando así o solicitaren as persoas interesadas.
- i) Parte dispositiva dos acordos que se adoptaren.
- j) Hora en que o/a presidente/a dea por finalizada a sesión.

2. De non realizarse a sesión por falta de asistentes, ou outro motivo, o/a secretario/a suplirá a acta cunha dilixencia autorizada coa súa sinatura, en que consigne a causa e nomes das persoas concorrentes e das que escusasen a súa asistencia.

Artigo 83

1. Será aplicable á redacción das actas o disposto no artigo 60 en canto á utilización das linguas.

2. A acta será aprobada en versión galega, sen prexuízo de que o/a secretario/a certifique tamén sobre a versión en español, segundo resulte da tradución do orixinal en galego.

3. A acta, unha vez aprobada polo Pleno, transcribírase no Libro de Actas autorizándoa coas sinaturas do/a presidente/a e do/a secretario/a.

As actas constarán en soporte electrónico, substituíndo no seu caso o soporte papel en canto a normativa vixente o permita, sen prexuízo da conservación de arquivo audiovisual da sesión. Nese suposto manterase o libro de actas en soporte electrónico.

Capítulo 2.- Funcionamento da Xunta de Goberno

Artigo 84

1. A Xunta de Goberno realizará a sesión constitutiva, a convocatoria do/a presidente/a, dentro dos dez días seguintes a aquel en que este/a designase as persoas membros que a integran.
2. En defecto de previsión expresa, a Xunta de Goberno realizará sesión ordinaria cada quince días como mínimo.
3. Corresponde á Presidencia fixar, mediante Resolución, o día e hora en que deba ter lugar a sesión ordinaria.
4. As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo/a presidente/a.
5. O/a presidente/a poderá, en calquera momento, reunir a Xunta de Goberno cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións en exercicio das atribucións que lle correspondan.
6. As sesións desenvolveranse no pazo provincial ou edificio que sexa sede da entidade, agás nos supostos de forza maior.

Artigo 85

1. As sesións da Xunta de Goberno axeitaranse ao establecido para o Pleno nos artigos anteriores coas modificacións seguintes:
 - a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes en que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na Orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría das persoas membros.
 - b) As sesións da Xunta de Goberno non serán públicas, sen prexuízo da publicidade e comunicación ás Administracións estatal e autonómica dos acordos adoptados. Ademais, no prazo de dez días deberá enviarse a todas as persoas membros da Corporación copia da acta.
 - c) Para a válida constitución da Xunta de Goberno requírese a asistencia dun terzo das persoas que a compoñen. Se non existise quórum, constituirase en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira.
 - d) O/a presidente/a dirixe e ordena ao seu prudente arbitrio os debates no seo da comisión.
 - e) Nos casos en que a Xunta de Goberno exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da comisión informativa correspondente.

f) As actas das sesións da Xunta de Goberno transcribíranse en libro distinto do das sesións do pleno.

2. A Xunta de Goberno nas súas reunións deliberantes non poderá adoptar ningún acordo, formalizándose o resultado das deliberacións, no seu caso, en forma de ditames, nos termos do artigo 71.1 deste regulamento.

3. Tanto nas sesións como nas reunións da Xunta de Goberno, o/a presidente/a poderá requirir a presenza de membros da Corporación non pertencentes á Xunta de Goberno, ou de persoal ao servizo da entidade, ao obxecto de informar no relativo ao ámbito das súas actividades.

4. Cando a Xunta de Goberno exerza competencias delegadas polo pleno ou que lle fosen asignadas polas leis, adoptará os seus acordos mediante votación formal, segundo as normas establecidas no presente regulamento.

Capítulo 3.- Réxime xeral das delegacións entre os órganos necesarios

Artigo 86

1. A delegación de atribucións requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte da persoa delegada. A delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación do acordo á persoa membro ou órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa perante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

2. As delegacións do pleno no/a presidente/a ou na Xunta de Goberno e as do/a presidente/a nesta última, como órgano colexiado, non ficarán revogadas polo simple feito de se producir un cambio na titularidade da Presidencia ou na composición concreta da Xunta de Goberno.

3. A revogación ou modificación das delegacións haberá de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Artigo 87

Se non se dispón outra cousa, o órgano delegante conservará as seguintes facultades en relación coa competencia delegada:

a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados en virtude da delegación.

b) A de ser informado previamente á adopción de decisións de transcendencia.

c) Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, a este a resolución dos recursos de reposición que puideren interpoñerse, agás que na Resolución ou acordo de delegación expresamente se confira a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Artigo 88

O órgano delegante poderá revogar en calquera momento a competencia delegada conforme á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común. No caso de revogar a delegación, o órgano que teña a competencia orixinaria, poderá revisar as resolucións tomadas polo órgano ou autoridade delegada nos mesmos casos e condicións establecidas para a revisión de oficio dos actos administrativos.

Artigo 89

Ningún órgano poderá delegar nun terceiro as atribucións ou potestades recibidas por delegación doutro órgano.

Artigo 90

A delegación de atribucións entenderase que é por tempo indefinido, agás que a resolución ou acordo da delegación dispuxer outra cousa, ou a temporalidade desta se derivar da propia natureza da delegación.

Título V.- Organización complementaria da Deputación

Capítulo 1.- Órganos complementarios: composición e atribucións

Artigo 91

Son órganos complementarios da Deputación Provincial:

- a) Os/as deputados/as delegados/as.
- b) As Comisións informativas.
- c) A Comisión Especial de Contas.
- d) Os Consellos Sectoriais.
- e) Os órganos desconcentrados e descentralizados para a xestión de servizos.

Capítulo 2.- Dos/as deputados/as-delegados/as

Artigo 92

1. Os/as deputados/as-delegados/as son aqueles/as deputados/as que teñen algunhas das delegacións de atribucións da Presidencia, previstas nos números 3,4 e 5 do artigo 40 deste Regulamento.

2. Pérdese a condición de deputado/a-delegado/a:

- a) Por renuncia expresa, que haberá de ser formalizada por escrito perante a Presidencia.
- b) Por revogación da delegación, adoptada polo/a presidente/a coas mesmas formalidades previstas para outorgala.

Artigo 93

1. As persoas deputadas-delegadas terán as atribucións que se especifiquen na respectiva Resolución de delegación, e exerceranas de acordo co que nel se prevexa, en función dos distintos tipos incluídos no artigo 40 deste regulamento e no marco das regras que alí se establecen.

2. Se a resolución ou acordo de delegación se refire xenericamente a unha materia ou sector de actividade sen especificación de potestades, entenderase que comprende todas aquelas facultades, dereitos e deberes referidos á materia delegada que corresponden ao órgano que ten asignadas orixinariamente as atribucións coa soa excepción das que segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, non sexan delegables.

3. No non previsto na presente Sección serán de aplicación as normas xerais establecidas nos artigos 86 a 90 deste regulamento.

Capítulo 3.- Das Comisións Informativas

Sección primeira.- Composición e ámbito de atribucións

Artigo 94

1. As comisións informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes.

2. Igualmente informarán aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno, e da Presidencia, que foren sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daquelas.

Artigo 95

1. As comisións informativas poden ser permanentes e especiais.

2. Son comisións informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que teñan que someterse ao pleno. O seu número e denominación iniciais, así como calquera variación destas durante o mandato corporativo, decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno tras a proposta da Presidencia, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estruturan os servizos corporativos.

3. Son comisións informativas especiais as que o Pleno acorde constituír para un asunto concreto, en consideración ás súas características especiais de calquera tipo.

Estas comisións extínguense automaticamente unha vez que ditaminen ou informen sobre o asunto que constitúe o seu obxecto, agás que o acordo plenario que as creou dispoña outra cousa.

Artigo 96

No acordo de creación das comisións informativas determinarase a súa composición concreta, tendo en conta as seguintes regras:

a) O/a presidente/a da Corporación é o/a presidente/a nato/a de todas elas; porén, a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, designando, ademais, unha persoa suplente.

b) Cada comisión estará integrada de forma que a súa composición se axeite á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación, sen mingua dos dereitos das persoas membros non adscritos.

c) A adscrición concreta a cada comisión das persoas membros da Corporación que deban formar parte desta en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito da persoa portavoz deste dirixido á Presidencia, do que se dará conta ao pleno. Poderá designarse, de igual forma, unha persoa suplente por cada titular.

Artigo 97

1. Os ditames das comisións informativas teñen carácter preceptivo e non vinculante.
2. En supostos de urxencia, o Pleno ou a Xunta de Goberno, poderá adoptar acordos sobre asuntos non ditaminados pola correspondente comisión informativa, mais, nestes casos, do acordo adoptado deberá darse conta á Comisión Informativa na primeira sesión que se realice. Á proposta de calquera das persoas membros da comisión informativa, o asunto deberá ser incluído na orde do día do seguinte pleno con obxecto de que este delibere sobre a urxencia acordada, en exercicio das súas atribucións de control e fiscalización.

Artigo 98

1. A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e a súa constitución, composición, integración e funcionamento axéitase ao establecido para as demais Comisións Informativas.
2. Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.
3. A Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á Economía e Facenda da Entidade.
4. A Comisión Especial de Contas terá que reunirse antes do día 1 de xuño de cada ano para emitir o informe preceptivo sobre as contas anuais da entidade local.
5. As contas e a documentación complementaria estarán a disposición dos membros da Comisión para exame e consulta como mínimo quince días antes da xuntanza.

Sección segunda.- Regras especiais de funcionamento das comisións informativas

Artigo 99

1. As comisións informativas desenvolven sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o pleno no momento de constituílas, nos días e horas que estableza a Presidencia da Corporación, ou a persoa que as preside, que poderán así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes destas. O/a presidente/a da Corporación, ou o/a presidente/a da Comisión, estará obrigado/a a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, cando menos, das persoas membros da Comisión. Neste caso, e polo que respecta á orde do día, aplicarase o disposto no artigo 56 deste regulamento.

2. As sesións poden desenvolverse na sede da entidade respectiva ou noutras dependencias desta.

3. As convocatorias corresponden ao/á presidente/a da Corporación ou ao/á presidente/a da Comisión e deberán ser notificadas ás persoas membros da Comisión ou, no seu caso, aos grupos municipais cunha antelación de dous días hábiles, agás as urxentes. En todo caso, acompañarase a orde do día.

Artigo 100

1. A válida realización das sesións require a presenza dun terzo dos compoñentes da Comisión, xa sexan titulares ou suplentes, en primeira convocatoria ou en segunda convocatoria que terá lugar unha hora máis tarde.

2. A Presidencia dirixe e ordena, ao seu prudente arbitrio, respectando os principios xerais que rexen os debates plenarios, os debates da Comisión.

3. Os ditames aprobaranse sempre por maioría simple das persoas presentes, decidindo os empates o/a presidente/a con voto de calidade.

Artigo 101

1. Ningunha Comisión poderá deliberar sobre asuntos da competencia doutra, a non ser que se trate de problemas comúns, pois neste caso poderá convocar o/a presidente/a da Corporación, á proposta das persoas que presidan as respectivas Comisións, unha sesión conxunta.

2. O ditame da Comisión poderá limitarse a mostrar a súa conformidade coa proposta que lle sexa sometida polos servizos administrativos competentes ou ben formular unha alternativa.

3. Os membros da Comisión que disintan do ditame aprobado por esta, poderán pedir que conste o seu voto en contra ou formular voto particular para a súa defensa perante o pleno.

Artigo 102

1. O/a presidente/a de cada comisión poderá requirir a presenza, nas súas sesións, de persoal ou membros da Corporación para efectos informativos.

Ás sesións da Comisión de Facenda asistirá, en todo caso, o/a funcionario/a responsable da Intervención.

2. De cada sesión das comisións informativas redactarase unha acta a que se acompañarán os ditames que foren aprobados e os votos particulares que se formularen a aqueles.

Artigo 103

En todo o non previsto nesta Sección serán de aplicación as disposicións sobre funcionamento do pleno.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Regulamento orgánico provincial aprobado definitivamente en sesión plenaria de 3 de febreiro de 1989 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 71 do 29 de marzo de 1989. Así mesmo queda derogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao presente Regulamento orgánico, o contradiga ou resulte incompatible con este.

Disposición final. Entrada en vigor

O presente Regulamento orgánico entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez transcorridos os prazos establecidos no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."

SEGUNDO: Someter o regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios e sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, por prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentárense reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, o regulamento considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO: Facultar ao presidente da Deputación Provincial da Coruña para a execución e debido cumprimento do acordado nos apartados anteriores."

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

I.MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PARTIDO POPULAR, PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PSOE, BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, MAREA ATLÁNTICA, COMPOSTELA ABERTA E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS RELATIVA AO PAZO DE MEIRÁS.

Co obxecto de dar cumprimento ao acordo plenario da Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017 sobre o Pazo de Meirás, así como aos acordos da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás, a Deputación encargou un informe histórico

coordinado polo profesor da Universidade de Santiago Emilio Grandío e un informe xurídico coordinado tamén polo profesor da Universidade de Santiago Xavier Ferreira. Estes dous informes iluminan, por unha parte, o relato histórico sobre o que aconteceu co Pazo de Meirás desde 1938 e, por outra, avalan a posibilidade de devolver o Pazo ao dominio público. Velaquí, a continuación, algúns dos feitos probados e das conclusións que se recollen nestes dous informes:

Consta que en maio de 1938 estaba constituída a denominada “Junta Provincial Pro-Pazo del Caudillo”, presidida polo gobernador Civil da Coruña, Julio Muñoz R. de Aguilar, e da que formou parte, dende un primeiro momento, o Goberno Civil, o Concello da Coruña e, nomeadamente, a Deputación Provincial da Coruña. A súa finalidade era a de procurar o financiamento preciso para facer efectiva a doazón a Francisco Franco, e con isto garantir que a segunda residencia do futuro xefe do Estado se situase en Sada, na parroquia de Meirás.

Con data 28 de marzo de 1938 redactouse un documento en que se fixo constar o seguinte:

“En el día veintiocho de marzo de nuestro segundo año triunfal del señor de mil novecientos treinta y ocho, la ciudad y Provincia de La Coruña hicieron la ofrenda de donación de las Torres de Meirás al fundador del nuevo imperio, Jefe del Estado, Generalísimo de los ejércitos y Caudillo de España, Francisco Franco Baamonde”.

O documento aparece asinado por diversos membros da Junta Pro-Pazo, figurando, así mesmo, unha aceptación autógrafa asinada por Francisco Franco no Pazo de Meirás con data 5 de decembro de 1938.

Parece evidente que, con carácter previo á aceptación da doazón polo Xefe do Estado -5 de decembro de 1938-, se produciu a compra das Torres aos seus propietarios, ben pola Junta pro Pazo, ben por algún outro organismo público que participou nela; a este feito tamén se refiren o telegrama remitido polo gobernador civil da Coruña e a acta do Concello da Coruña de data 31 de marzo. Non podería entenderse doutro xeito a existencia da referida doazón, como tampouco podería entenderse que a referida doazón non fose efectuada a favor da persoa que ocupaba a xefatura do Estado, precisamente, en tal concepto.

Consta que, ao longo de 1938 e 1940, se realizaron achegas por parte de institucións públicas e persoas privadas á Junta Pro-Pazo para facilitar o pago da súa adquisición.

Da natureza coactiva de moitas destas contribucións dan conta tanto as reiteradas misivas remitidas polo Gobernador Civil aos distintos concellos afectados -como Oleiros, Carballo ou Culleredo-, así como os descontos coactivos das nóminas dos empregados municipais, tal e como se fai constar no Informe histórico citado.

Consta que, en data 24 de maio de 1941, se outorgou en Madrid, perante o notario D. Luis Sierra Bermejo, unha escritura de compravenda que tiña como obxecto a finca urbana denominada “Torres de Meirás”. Esta escritura inscribiuse no Rexistro civil de Betanzos o 24 de novembro de 1941.

Curiosamente, reflíctese na citada escritura unha compravenda directa das “Torres de Meirás” entre os herdeiros da familia Pardo Bazán, como vendedores, e Francisco Franco Bahamonde como comprador, a título persoal, representado por Pedro Barrié da Maza, membro da Junta pro Pazo e premiado, posteriormente, co título de Conde de Fenosa.

A partir do ano 1941, e esporadicamente antes, Franco utilizou o Pazo como segunda residencia oficial da xefatura do Estado, realizando de xeito regular e sistemático os correspondentes consellos de ministros e audiencias oficiais durante a súa estada nela.

Cómpre salientar que ao longo da ocupación do Pazo polo Xefe do Estado, diversos organismos públicos (sinaladamente o Concello e a Deputación da Coruña) realizaron diversos investimentos neste, así como nas súas inmediatezas, co fin de dotar o Pazo da seguranza, ornato, accesibilidade e relevancia propias da segunda residencia oficial do xefe do Estado.

No ano 1979 figura unha anotación rexistral en que se fai constar que o Pazo pasa a ser propiedade de Carmen Polo y Martínez Valdés.

Por Decreto 229/2008, do 30 de decembro, da Xunta de Galicia, declaráronse Ben de Interese Cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás (tamén coñecidas como Pazo de Meirás), situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña. Na exposición de motivos do Decreto salientase o singular valor histórico e artístico do Pazo.

O destino das Torres de Meirás, Pazo de Meirás, desde 1938 ata 1975, ano do falecemento de Francisco Franco, foi o de residencia oficial estival do Xefe do Estado. No inmovible analizado tiveron lugar numerosos consellos de ministros, audiencias, sinaturas de diversas leis e decretos, e sufragouse a súa realización, así como determinadas obras de coidado e mellora, con investimentos públicos.

Vistos os feitos transcritos e os negocios xurídicos que acabamos de relatar, **podemos considerar que a escritura pública de compravenda efectuada no ano 1941 é un contrato simulado.**

Todo parece indicar que a escritura pública de compravenda das “Torres de Meirás” outorgada o 24 de maio de 1941 é un contrato sen causa, un contrato simulado por cuxo medio quen xa non era lexítimo propietario da devandita finca finxiu a existencia dunha nova compravenda en que o comprador, que apareceu nese acto representado, o fixo a título exclusivamente particular. En consecuencia, **atopámonos diante dunha venda efectuada por quen non era propietario e diante dunha compra realizada por quen, a título de Xefe de Estado, xa aceptara o ben mediante unha doazón previa, e todo iso artellado coa finalidade de eludir a incorporación do ben obxecto da compravenda ao Patrimonio Nacional, incorporándoo así ao seu patrimonio particular.**

Resulta máis que evidente, no que a adquisición das Torres de Meirás se refire, a abrumadora existencia de indicios que nos permiten entender que o contrato de compravenda formalizado en 1941 foi, en puridade, un contrato simulado ou un

contrato inexistente ao carecer absolutamente de causa, tendo por obxecto a fraudulenta e ilícita transmisión dun ben imprescriptible e, en consecuencia, radicalmente nulo. Así, produciuse a primeira compra aos seus lexítimos propietarios no ano 1938; posteriormente materializouse a doazón do ben inmovible ao seu favor, que foi efectivamente aceptada o 5 de decembro de 1938 e a toma de posesión do pazo nesas datas. Polo demais, os gastos das reunións e actos institucionais alí realizados, así como as obras de conservación e mellora realizadas no inmovible se fixeron con cargo ao erario público. Tamén foron diversas as obras nos arredores, neste sentido, estas propiedades pasaron a formar parte da doazón feita pola “Junta Pro-Pazo” ao entón xefe do Estado. Loxicamente, a Deputación pon á disposición das persoas herdeiras dos propietarios orixinais toda a información que posúe a ese respecto.

Atopámonos, pois, diante dun contrato sen causa, o que determinaría a súa inexistencia e, así mesmo, a imprescriptibilidade da acción para tal declaración.

O feito de que tal inexistente contrato de compravenda resultase inscrito no Rexistro da Propiedade e de que mesmo, con posterioridade, a raíz do falecemento de Francisco Franco, pasase aos seus herdeiros, non supón que estes poidan acollerse á súa protección, dado o carácter imprescriptible do ben.

Así as cousas, cabería entender que, ao abeiro do previsto nos artigos un e dous da Lei do Patrimonio Nacional de 1940, o Pazo de Meirás e os bens mobles e semoventes contidos fosen incorporados ao devandito Patrimonio en virtude do negocio simulado no ano 1941.

De conformidade co previsto no artigo 5 da Lei do patrimonio Nacional de 1940:

“Los bienes que integran el Patrimonio Nacional, cuya propiedad corresponde al Estado, son inalienables e imprescriptibles, y no podrán sujetarse a ningún gravamen real ni a ninguna otra Responsabilidad. No obstante, podrán enajenarse, previa autorización por Decreto acordado en Consejo de Ministros y a condición de ingresar su importe en el Tesoro, o ser dedicado al saneamiento y mejora de los bienes constitutivos del Patrimonio, aquellos bienes inmuebles que carezcan de valor artístico o histórico y no sean aptos, por su naturaleza y la cuantía de sus productos, para ser mantenidos en el Patrimonio. (...)”

A configuración destes bens como bens *extra commercium* é un denominador común da maior parte das súas normas reguladoras, e tamén da vixente Lei 23/1982, de 16 de xuño, reguladora do Patrimonio Nacional que no apartado segundo do seu artigo sexto establece que *“los bienes y derechos integrados en el Patrimonio Nacional serán inalienables, imprescriptibles e inembargables, gozarán del mismo régimen de exenciones tributarias que los bienes de dominio público del Estado, y deberán ser inscritos en el Registro de la Propiedad como de titularidad estatal”*.

En definitiva, o Pazo de Meirás, en canto ben integrado no Patrimonio Nacional, é un ben imprescriptible e insusceptible de ser alleado, tendo en conta o seu singular valor histórico e artístico, o que supón que, unha vez incorporado ao Patrimonio Nacional (ou ao Patrimonio do Estado), o feito de que fose posuído por máis de 75 anos pola

familia Franco carece de relevancia algunha para os efectos da súa caracterización como ben de titularidade do devandito Patrimonio, quer Nacional, quer do Estado.

En conclusión, a posesión por mais de 80 anos do ben pola familia Franco en nada afecta a consideración do ben como integrante do Patrimonio Nacional (ou do Patrimonio do Estado) dada a natureza imprescritible destes bens.

En definitiva, cabe que as institucións e órganos pertinentes, inste a recuperación de oficio do Pazo de Meirás, sen que a posesión deste por parte da familia Franco por mais de 70 anos afecte, en ningún modo, como acabamos de dicir ao exercicio da devandita acción recuperatoria.

Por todo o anterior, o pleno da Deputación da Coruña, adopta os seguintes

ACORDOS:

1º.- Instar ao Estado a exercitar as accións administrativas e xudiciais oportunas para os efectos da recuperación posesoria e de oficio para o Patrimonio Público do Pazo de Meirás, e para teal efecto, comprometer a colaboración da Deputación da Coruña.

2º.- Trasladar á Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia, goberno do Estado, Cortes do Esado, grupos parlamentarios, e a todas as institucións e organismos que corresponder, en aras da necesaria colaboración institucional, o informe histórico-xurídico elaborado por encargo da Deputación da Coruña .

3º.- Socializar desde a Deputación da Coruña tanto o contido do informe histórico-xurídico como a demanda de devolver o Pazo ao dominio público.

Sra. Sanmartín Rei

Moi bo día de novo. Realmente nesta moción conxunta, presentada polo conxunto dos Grupos que forman parte desta Corporación, o que pretende é cumprir un acordo plenario, que tamén tivemos aquí, o 15 de setembro de 2017, onde entre outras cuestións o que faciamos era indicar, sinalar, que a Deputación apoiaría realizar un estudo sobre o que foi o espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco, e sobre todo o proceso necesario para posibilitar a súa devolución e a súa incorporación ao patrimonio público, e ao mesmo tempo tamén responde aos acordos da Xunta pro devolución do Pazo, que iniciou hai meses o seu traballo, con moito esforzo, partillado entre esta Deputación e finalmente máis de corenta concellos e colectivos sociais, e de maneira moi destacada, porque formaron parte do grupo impulsor e estiveron permanentemente traballando nel, os Concellos da Coruña e de Sada, as universidades, a Casa Emilia Pardo Bazán, a Comisión pola Recuperación da memoria histórica da Coruña e Iniciativa Galega pola memoria.

E chegados aquí, temos nesta altura concluídos eses informes históricos, ese informe xurídico, quero xa comezar por agradecer a celeridade nos seus traballos aos equipos coordinados polos profesores Emilio Grandío, histórico, e Xabier Ferreira o xurídico, cun resultado moi claro e moi evidente. Desde a perspectiva histórica documentar o que foi o espolio, o que foi a intervención tamén das administracións,

moi concretamente tamén da Deputación da Coruña, doutras institucións que realizaron investimentos no Pazo por riba xa do espolio realizado á veciñanza, ao conxunto da poboación, con ese fin de dotar ao Pazo de todo o ornato, da accesibilidade e da relevancia propias do que foi, sen ningunha dúbida, segunda residencia oficial do xefe do Estado.

E o informe xurídico que sinala esa vía civil como posibilidade para recuperar o Pazo para o patrimonio público. Por constatar, xa simplemente son tres datos que son os máis importantes que se recollen na moción que resume ese informe xurídico. Por un lado, que o 28 de marzo de 1938 se redactou un documento en que consta xustamente esa ofrenda de doazón, que xa sabemos que en vez de doazón era un espolio, mais de doazón das Torres de Meirás, ao fundador do novo imperio, xefe do Estado, xeneralísimo dos exércitos e caudillo de España, Francisco Franco Bahamonde.

Queremos lembrar que ese, xustamente esa residencia, foi utilizada como residencia oficial onde se fixeron de maneira regular, de maneira sistemática, consellos de ministros, onde se fixeron audiencias oficiais. E que no ano 1941 finalmente se outorga unha escritura de compravenda que se rexistra e onde hai moitos indicios que sinalan que este contrato de compravenda foi unha simulación total, porque xa non tiña sentido comprar e vender algo que xa fora feito, xa fora xustamente doado no ano 38, e a finais do ano 38 houbera unha toma de posesión do Pazo por esas datas, así que xa houbera neste caso unha compra aos seus lexítimos propietarios no ano 1938, no ano 1941 xa non se podía comprar nin vender nada, porque iso xa estaba realizado. Por tanto, insisto que hai indicios de que ese contrato de compravenda foi unha simulación, e que procede a súa nulidade e a posibilidade, por tanto, da súa recuperación de oficio para o patrimonio nacional porque, tamén é unha data importante, que no ano 1940 se aproba a Lei de patrimonio nacional que declara que os bens que están integrados aí son inalienables e imprescritibles. Por tanto, entendemos que o que había era o intento de saltar a posibilidade de que o Pazo de Meirás e todos os bens que contiña fosen incorporados a ese patrimonio nacional en virtude, xustamente, dese negocio simulado no ano 1941.

Entendendo, desde a nosa perspectiva, que é necesario axilizar os trámites para axilizar o proceso canto antes, tendo en conta tamén que temos un rigoroso estudo e un sólido estudo que diseña o camiño claro, tendo ademais, sabendo que existen nestes momentos algúns elementos que nos causan unha preocupación grande, como esa posibilidade de posta a venda do propio Pazo de Meirás, o intento de facer negocio xustamente cunha propiedade que ao final entendemos que non é propiedade dos Franco de maneira lícita, o que propoñemos na moción conxuntamente é instar ao patrimonio nacional, eses son os acordos, a que a maior brevidade posible proceda á recuperación de oficio do Pazo de Meirás, coa colaboración para todo o que sexa... perdón, é instar ao Estado a que a maior brevidade posible proceda á recuperación do Pazo de Meirás e comprometer tamén a colaboración da Deputación da Coruña neste feito. Trasladar á Xunta de Galicia, ao Parlamento, ao Goberno do Estado, ás Cortes do Estado, aos Grupos parlamentarios e a todas as institucións e organismos o informe histórico e xurídico, elaborado por encargo da Deputación da Coruña, para que haxa a necesaria colaboración institucional e para que todo mundo vaia polo mesmo camiño, e socializar desde a

Deputación da Coruña tanto o contido do informe como a demanda de devolver o Pazo ao dominio público.

Eu simplemente xa para rematar quixera agradecer esta unanimidade que imos ter hoxe, unha unanimidade desde logo que é un punto de inflexión, e unha unanimidade que nos dá moitísimas máis forzas, moitas máis enerxías para continuar a traballar. Este é un punto xustamente de chegada por un lado, mais por outro lado de partida, porque o que queremos é a partir de agora facer efectivos os acordos que aparecen na proposta, e non descansar ata que este proceso se inicie xa e que poidamos contribuír desesa maneira a devolver a dignidade das vítimas.

Realmente eu creo que é un orgullo contribuírmos desde esta institución, que tanto participou inicialmente neste proceso para "agasallar" co Pazo ao ditador, que contribuíamos a que se levanten esas lousas de invisibilidade, a que nos movamos e que o fagamos realmente con propostas sólidas, rigorosas, serias, para afrontar problemas que sabemos que son complexos, que sabemos que non teñen un camiño doado, mais si entendemos que hoxe, despois deste acordo histórico que imos tomar hoxe aquí, estamos máis preto que nunca de dar ese paso histórico para as liberdades, para a democracia, para combater a apoloxía do franquismo, a mentira e a manipulación da historia que construíron os gañadores e que nos quixeron impor.

Así que, desde esa perspectiva, xa digo que é para felicitarmonos e quero agradecer ao conxunto de todas as forzas podermos chegar a este acordo unánime.

Sr. Díaz Grandío

Bo día. En primeiro lugar queremos saudar o histórico acordo político que se produce hoxe neste salón de Plenos, e que leva a que hoxe todos os grupos esteamos de acordo en dar un paso máis na batalla pola recuperación do Pazo de Meirás, todos incluso aqueles que veñen sendo historicamente máis timoratos igual á hora de unirse ao relato da catástrofe que supuxo para a historia de España o golpe de Estado e a posterior ditadura.

Unanimidade dun acordo político na Deputación, que por desgraza non puido estenderse ao Parlamento de Galicia, como aconteceu na pasada sesión do 21 de marzo pola oposición do Grupo Popular. En calquera caso é positiva esta unanimidade na Deputación, moi positiva, pero faise preciso constar que este acordo non sería posible sen o traballo doutra moita xente que leva anos empurrando para que se produzan avances, calquera tipo de avances, e que calquera vitoria que se produza estará apuntalado polo traballo de asociacións pola memoria histórica, colectivos cívicos e a miles de cidadáns e cidadás que levan décadas esixindo xustiza, memoria e reparación.

Mención especial tamén ao Concello de Sada, e ao seu alcalde e ao seu grupo municipal de Sada Maioría, polo traballo que levan realizando durante o presente mandato para a consecución desta devolución.

Nós sumámonos desde o primeiro momento a este acordo, cuxa redacción definitiva integra tamén as observacións achegadas por este Grupo, en relación, e sobre todo para seguir abrindo portas e non pechalas, en relación a considerar tamén

a alternativa da recuperación posesoria para o patrimonio do Estado, ademais da citada para o patrimonio nacional.

Como tamén consideramos, e así se recolle, que é o Estado quen debe exercitar as accións legais oportunas, tamén as civís e xudiciais, tanto para anular o fraudulento título de propiedade do Pazo como para a súa incorporación ao patrimonio público, e para acadar o dito obxectivo faise precisa unha maior implicación e compromiso das administracións públicas lexitimadas para o exercicio das accións, nomeadamente o Estado pero tampouco esquezamos o papel que poida xogar a Xunta de Galicia. E non é tempo de pasividades cómplices, e si dun maior compromiso na defensa do patrimonio público, da memoria histórica e de poder poñer fin dunha vez a un Pazo de Meirás detido polos herdeiros do nefasto ditador.

Con todo reiteramos o noso apoio a esta moción, as loitas vencelladas á recuperación do Pazo ao Concello de Sada, e desde logo ao consenso que vai saír desde este Pleno provincial. Moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas. Simplemente gustárame dicir algunhas cuestións respecto desta moción que nós apoiamos, e así o asinamos. Dicir que o Grupo provincial do Partido Popular e tamén o Partido Popular de Galicia no seu conxunto, está a favor da recuperación do Pazo de Meirás para uso público, sen custo para a administración, que cremos que é unha cuestión importante. Estamos a favor dun proceso que busque o máximo consenso, que busque as máximas garantías, porque é importante, e un proceso no que o primeiro sexa o interese xeral, e que ese interese xeral estea por riba de calquera tipo de interese persoal, de interese político ou de intentos de protagonismos individuais. Cremos que debería de consensuarse un posicionamento unánime de todas as institucións, obviamente a Xunta, o Parlamento, a Deputación, incluso os concellos.

O Parlamento, gustárame subliñar, o Parlamento de Galicia aprobou no pasado mes de setembro a creación dunha Comisión de estudo que foi aprobada cos votos favorables do Partido Popular e a abstención do resto dos Grupos. É unha comisión de estudo que conta con membros, incluso algún membro desta propia Deputación, conta cunha persoa ao seu fronte de recoñecido prestixio, que está traballando, e polo tanto, creo que o lóxico é que cada administración escolla o seu camiño, insisto, a Xunta de Galicia, a través do Parlamento escolleu delegar no traballo desta Comisión de estudo que está precisamente traballando nestes momentos, e o prudente por parte do Parlamento é agardar, por respecto a esa Comisión, o resultado do seu traballo. Sería prudente tamén que a Deputación agardara e consensuara os pasos que se han seguir en función do resultado dese traballo, que creo que é tan lexítimo como o traballo, que nós tamén valoramos positivamente, que se fixo na Deputación.

Estamos, polo tanto, ante un proceso longo, un proceso complexo, no que creo que todos estamos de acordo en que o importante é acertar. Un proceso no que o importante creo, e dígoo con total claridade, que non sei se o importante é cando, nin quen, senón acertar no procedemento. Polo tanto, creo que é importante tamén ter a cabeza fría, non deixarse levar por impulsos ou estratexias partidistas, pero en

todo caso, insisto, nós apoiamos e estamos de acordo con esta moción, e por iso obviamente asinamos esta, e imos votar favorablemente.

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PARTIDO POPULAR, PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PSOE, BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, MAREA ATLÁNTICA, COMPOSTELA ABERTA E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS RELATIVA AO PAZO DE MEIRÁS.

Co obxecto de dar cumprimento ao acordo plenario da Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017 sobre o Pazo de Meirás, así como aos acordos da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás, a Deputación encargou un informe histórico coordinado polo profesor da Universidade de Santiago Emilio Grandío e un informe xurídico coordinado tamén polo profesor da Universidade de Santiago Xavier Ferreira. Estes dous informes iluminan, por unha parte, o relato histórico sobre o que aconteceu co Pazo de Meirás desde 1938 e, por outra, avalan a posibilidade de devolver o Pazo ao dominio público. Velaquí, a continuación, algúns dos feitos probados e das conclusións que se recollen nestes dous informes:

Consta que en maio de 1938 estaba constituída a denominada “Junta Provincial Pro-Pazo del Caudillo”, presidida polo gobernador Civil da Coruña, Julio Muñoz R. de Aguilar, e da que formou parte, dende un primeiro momento, o Goberno Civil, o Concello da Coruña e, nomeadamente, a Deputación Provincial da Coruña. A súa finalidade era a de procurar o financiamento preciso para facer efectiva a doazón a Francisco Franco, e con isto garantir que a segunda residencia do futuro xefe do Estado se situase en Sada, na parroquia de Meirás.

Con data 28 de marzo de 1938 redactouse un documento en que se fixo constar o seguinte:

“En el día veintiocho de marzo de nuestro segundo año triunfal del señor de mil novecientos treinta y ocho, la ciudad y Provincia de La Coruña hicieron la ofrenda de donación de las Torres de Meirás al fundador del nuevo imperio, Jefe del Estado, Generalísimo de los ejércitos y Caudillo de España, Francisco Franco Baamonde”.

O documento aparece asinado por diversos membros da Junta Pro-Pazo, figurando, así mesmo, unha aceptación autógrafa asinada por Francisco Franco no Pazo de Meirás con data 5 de decembro de 1938.

Parece evidente que, con carácter previo á aceptación da doazón polo Xefe do Estado -5 de decembro de 1938-, se produciu a compra das Torres aos seus propietarios, ben pola Junta pro Pazo, ben por algún outro organismo público que participou nela; a este feito tamén se refiren o telegrama remitido polo gobernador civil da Coruña e a acta do Concello da Coruña de data 31 de marzo. Non podería entenderse doutro xeito a existencia da referida doazón, como tampouco podería

entenderse que a referida doazón non fose efectuada a favor da persoa que ocupaba a xefatura do Estado, precisamente, en tal concepto.

Consta que, ao longo de 1938 e 1940, se realizaron achegas por parte de institucións públicas e persoas privadas á Junta Pro-Pazo para facilitar o pago da súa adquisición.

Da natureza coactiva de moitas destas contribucións dan conta tanto as reiteradas misivas remitidas polo Gobernador Civil aos distintos concellos afectados -como Oleiros, Carballo ou Culleredo-, así como os descontos coactivos das nóminas dos empregados municipais, tal e como se fai constar no Informe histórico citado.

Consta que, en data 24 de maio de 1941, se outorgou en Madrid, perante o notario D. Luis Sierra Bermejo, unha escritura de compravenda que tiña como obxecto a finca urbana denominada “Torres de Meirás”. Esta escritura inscribiuse no Rexistro civil de Betanzos o 24 de novembro de 1941.

Curiosamente, reflíctese na citada escritura unha compravenda directa das “Torres de Meirás” entre os herdeiros da familia Pardo Bazán, como vendedores, e Francisco Franco Bahamonde como comprador, a título persoal, representado por Pedro Barrié da Maza, membro da Junta pro Pazo e premiado, posteriormente, co título de Conde de Fenosa.

A partir do ano 1941, e esporadicamente antes, Franco utilizou o Pazo como segunda residencia oficial da xefatura do Estado, realizando de xeito regular e sistemático os correspondentes consellos de ministros e audiencias oficiais durante a súa estada nela.

Cómpre salientar que ao longo da ocupación do Pazo polo Xefe do Estado, diversos organismos públicos (sinaladamente o Concello e a Deputación da Coruña) realizaron diversos investimentos neste, así como nas súas inmediatezas, co fin de dotar o Pazo da seguranza, ornato, accesibilidade e relevancia propias da segunda residencia oficial do xefe do Estado.

No ano 1979 figura unha anotación rexistral en que se fai constar que o Pazo pasa a ser propiedade de Carmen Polo y Martínez Valdés.

Por Decreto 229/2008, do 30 de decembro, da Xunta de Galicia, declaráronse Ben de Interese Cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás (tamén coñecidas como Pazo de Meirás), situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña. Na exposición de motivos do Decreto salientase o singular valor histórico e artístico do Pazo.

O destino das Torres de Meirás, Pazo de Meirás, desde 1938 ata 1975, ano do falecemento de Francisco Franco, foi o de residencia oficial estival do Xefe do Estado. No inmovible analizado tiveron lugar numerosos consellos de ministros, audiencias, sinaturas de diversas leis e decretos, e sufragouse a súa realización, así como determinadas obras de coidado e mellora, con investimentos públicos.

Vistos os feitos transcritos e os negocios xurídicos que acabamos de relatar, **podemos considerar que a escritura pública de compravenda efectuada no ano 1941 é un contrato simulado.**

Todo parece indicar que a escritura pública de compravenda das “Torres de Meirás” outorgada o 24 de maio de 1941 é un contrato sen causa, un contrato simulado por cuxo medio quen xa non era lexítimo propietario da devandita finca finxiu a existencia dunha nova compravenda en que o comprador, que apareceu nese acto representado, o fixo a título exclusivamente particular. En consecuencia, **atopámonos diante dunha venda efectuada por quen non era propietario e diante dunha compra realizada por quen, a título de Xefe de Estado, xa aceptara o ben mediante unha doazón previa, e todo iso artellado coa finalidade de eludir a incorporación do ben obxecto da compravenda ao Patrimonio Nacional, incorporándoo así ao seu patrimonio particular.**

Resulta máis que evidente, no que a adquisición das Torres de Meirás se refire, a abrumadora existencia de indicios que nos permiten entender que o contrato de compravenda formalizado en 1941 foi, en puridade, un contrato simulado ou un contrato inexistente ao carecer absolutamente de causa, tendo por obxecto a fraudulenta e ilícita transmisión dun ben imprescriptible e, en consecuencia, radicalmente nulo. Así, produciuse a primeira compra aos seus lexítimos propietarios no ano 1938; posteriormente materializouse a doazón do ben inmovible ao seu favor, que foi efectivamente aceptada o 5 de decembro de 1938 e a toma de posesión do pazo nesas datas. Polo demais, os gastos das reunións e actos institucionais alí realizados, así como as obras de conservación e mellora realizadas no inmovible se fixeron con cargo ao erario público. Tamén foron diversas as obras nos arredores, neste sentido, estas propiedades pasaron a formar parte da doazón feita pola “Junta Pro-Pazo” ao entón xefe do Estado. Loxicamente, a Deputación pon á disposición das persoas herdeiras dos propietarios orixinais toda a información queu posúe a ese respecto.

Atopámonos, pois, diante dun contrato sen causa, o que determinaría a súa inexistencia e, así mesmo, a imprescritibilidade da acción para tal declaración.

O feito de que tal inexistente contrato de compravenda resultase inscrito no Rexistro da Propiedade e de que mesmo, con posterioridade, a raíz do falecemento de Francisco Franco, pasase aos seus herdeiros, non supón que estes poidan acollerse á súa protección, dado o carácter imprescriptible do ben.

Así as cousas, cabería entender que, ao abeiro do previsto nos artigos un e dous da Lei do Patrimonio Nacional de 1940, o Pazo de Meirás e os bens mobles e semoventes contidos fosen incorporados ao devandito Patrimonio en virtude do negocio simulado no ano 1941.

De conformidade co previsto no artigo 5 da Lei do patrimonio Nacional de 1940:

“Los bienes que integran el Patrimonio Nacional, cuya propiedad corresponde al Estado, son inalienables e imprescriptibles, y no podrán sujetarse a ningún gravamen real ni a ninguna otra Responsabilidad. No obstante, podrán enajenarse, previa autorización por Decreto acordado en Consejo de Ministros

y a condición de ingresar su importe en el Tesoro, o ser dedicado al saneamiento y mejora de los bienes constitutivos del Patrimonio, aquellos bienes inmuebles que carezcan de valor artístico o histórico y no sean aptos, por su naturaleza y la cuantía de sus productos, para ser mantenidos en el Patrimonio. (...)”

A configuración destes bens como bens *extra commercium* é un denominador común da maior parte das súas normas reguladoras, e tamén da vixente Lei 23/1982, de 16 de xuño, reguladora do Patrimonio Nacional que no apartado segundo do seu artigo sexto establece que *“los bienes y derechos integrados en el Patrimonio Nacional serán inalienables, imprescriptibles e inembargables, gozarán del mismo régimen de exenciones tributarias que los bienes de dominio público del Estado, y deberán ser inscritos en el Registro de la Propiedad como de titularidad estatal”*.

En definitiva, o Pazo de Meirás, en canto ben integrado no Patrimonio Nacional, é un ben imprescriptible e insusceptible de ser alleado, tendo en conta o seu singular valor histórico e artístico, o que supón que, unha vez incorporado ao Patrimonio Nacional (ou ao Patrimonio do Estado), o feito de que fose posuído por máis de 75 anos pola familia Franco carece de relevancia algunha para os efectos da súa caracterización como ben de titularidade do devandito Patrimonio, quer Nacional, quer do Estado.

En conclusión, a posesión por mais de 80 anos do ben pola familia Franco en nada afecta a consideración do ben como integrante do Patrimonio Nacional (ou do Patrimonio do Estado) dada a natureza imprescriptible destes bens.

En definitiva, cabe que as institucións e órganos pertinentes, inste a recuperación de oficio do Pazo de Meirás, sen que a posesión deste por parte da familia Franco por mais de 70 anos afecte, en ningún modo, como acabamos de dicir ao exercicio da devandita acción recuperatoria.

Por todo o anterior, o pleno da Deputación da Coruña, adopta os seguintes

ACORDOS:

1º.- Instar ao Estado a exercitar as accións administrativas e xudiciais oportunas para os efectos da recuperación posesoria e de oficio para o Patrimonio Público do Pazo de Meirás, e para teal efecto, comprometer a colaboración da Deputación da Coruña.

2º.- Trasladar á Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia, goberno do Estado, Cortes do Estado, grupos parlamentarios, e a todas as institucións e organismos que corresponder, en aras da necesaria colaboración institucional, o informe histórico-xurídico elaborado por encargo da Deputación da Coruña .

3º.- Socializar desde a Deputación da Coruña tanto o contido do informe histórico-xurídico como a demanda de devolver o Pazo ao dominio público."

II.MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE COMPOSTELA ABERTA E MAREA ATLÁNTICA EN DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) a nosa comunidade autónoma é a máis envellecida do Estado e na provincia da Coruña o colectivo de pensionistas supón o 23% da poboación.

Esta poboación envellecida foise empobrecendo progresivamente polo recorte sistemático das súas pensións, o que provoca unha perda de autonomía persoal e acrecenta as necesidades de mantemento dos servizos socio-sanitarios, e unha maior dependencia dos nosos maiores.

Por outra banda, os datos da Enquisa de Condicións de Vida 2016 indican que aproximadamente o 29,5%% das familias teñen a súa principal fonte de ingresos na pensión dunha persoa xubilada e deses ingresos dependen para a cobertura de necesidades básicas das súas familias.

A modificación legislativa realizada polo goberno do Partido Popular en 2013 (Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social), desvinculou a actualización das pensións do incremento do IPC e fixou o aumento anual entre o 0,25% e o 0,50%.

Neste contexto, coa actualización dun 0.25% e o incremento do IPC do 1,1% en decembro (evitamos considerar o dato anómalo que sempre adoita presentar o mes de xaneiro), volve producirse un ano máis unha perda de poder adquisitivo que coma sempre prexudica en maior medida ás pensións máis baixas. Na nosa comunidade a pensión media é de 895,49 euros (datos de xaneiro de 2018 para persoas residentes en Galicia), sendo a proporción de pensións por baixo do limiar da pobreza do 63%, cifra que está mais de dez puntos por riba da media estatal, e é a maior de todas as comunidades autónomas.

Esta situación é aínda máis gravosa no caso das mulleres. Segundo datos do IGE as pensionistas galegas cobraban a finais de 2016 (último dato publicado) unha media de 740,73 euros ao mes, fronte ao 1.018,67 euros dos varóns, o que supón unha diferenza de ingresos do 27'01%. O nivel de precarización no colectivo pensionista en xeral, pero no das mulleres é explícito: a media deixa a este segmento por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional. En Galicia, dúas de cada tres mulleres pensionistas cobran menos que a pensión media, mentres que dous de cada tres homes cobra máis que a pensión media.

En 2016, na nosa provincia as diferenzas fanse notables igualmente. Segundo datos do Instituto Galego de estatística a pensión media era 1061'65€ euros a pensión media dos varóns e 758'19 euros á das mulleres, unha diferenza do 28'66%.

Os datos amosan que as mulleres seguen sendo máis vulnerables, e evidencian que o problema da fenda nas pensións é un máis dos obstáculos coas que se atopan

dentro do mundo laboral, senón que nin sequera o sistema de pensións realiza a corrección unha vez rematada a vida activa.

O goberno do PP realizou unha reforma laboral que precarizou as condicións laborais e salariais, baleirou o peto das pensións para pagar xuros de Débeda Pública, e rescatar entidades bancarias, empresas construtoras, grandes concesionarias e aos responsables da súa quebra, mentres se recortan salarios e dereitos como os das pensións públicas.

Está en xogo un dereito non só das e dos pensionistas senón tamén da masa traballadora. Se o goberno non busca saídas a esta situación, nos próximos anos pasaremos de ter unha taxa de risco de pobreza moi superior ao 19%, como recolle a Enquisa de Condicións de Vida 2016, e que sen dúbida, xunto co envellecemento, comprometen seriamente o futuro de todas e todos.

Por estes motivos, propónse ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña a adopción do seguinte

ACORDO

1.-Mostrar o rexeitamento deste pleno a que o aumento das pensións para este exercicio 2018 non fose parella ao aumento no custe da vida.

2.- Instar ao goberno do Estado para que:

- Garanta a actualización das pensións de acordo co incremento real do IPC.
- As pensións públicas vaian a cargo dos Presupostos Xerais do Estado.
- Se derroguen as reformas das pensións do 2011 e 2013 e se recuperen os dereitos socioeconómicos das persoas pensionistas e a idade de xubilación aos 65 anos.
- Incremente e equipare as pensións mínimas vixentes ao Salario Mínimo Interprofesional.
- Se derroguen as dúas reformas laborais, as de 2010 e 2012, debido a que as súas consecuencias nefastas para a calidade do emprego poñen en risco a sustentabilidade e o futuro das pensións.
- A prohibir, por lei, a libre disposición do Fondo de Reserva das Pensións para situacións de déficit de cotizacións.

Sra. Fraga Sáenz

Bo día a todos e a todas. Trasladamos a esta administración unha moción que foi elaborada polo Movemento galego pola defensa das pensións públicas e que consideramos que, como no resto das institucións, débese trasladar tamén esa loita que están mantendo na rúa, hoxe mesmo estiveron na porta do Pazo provincial tamén para apoiar a lectura desta moción. Polo tanto, vou pasar á lectura, e xa que está elaborada por eles, non quero facer máis reflexión particular.

(Le o texto da moción).

Sra. García Gómez

Nós presentamos unha emenda de substitución que propón un texto co seguinte acordo: o Pleno da Deputación da Coruña insta aos grupos parlamentarios que integran a Comisión Permanente do Pacto de Toledo a que dentro dun marco de consenso e diálogo social cheguen a un acordo que garanta un sistema público de pensións sustentable, equitativo e solidario.

Vou facer miñas as palabras da miña compañeira Claudia, teñamos os debates nas institucións que correspondan, esta é a razón principal pola que presentamos esta emenda. A maioría dos Grupos representados nesta Deputación teñen representantes na Comisión permanente do Pacto de Toledo, é alí onde se teñen que levar todas as propostas e chegar a un consenso.

Todos os Grupos que estamos aquí, todos os Grupos da Deputación e incluso os que non están representados, preocúpanos moitísimo o problema que hai co poder adquisitivo das pensións, deixémonos de facer demagogia. Todos temos veciños pensionistas, familiares, amigos, o noso propio futuro depende da evolución de como vaian as pensións, se chegamos á xubilación, claro. Todos recoñecemos que as pensións son moi baixas, a discrepancia entre os Grupos prodúcese en como garantir a revalorización desas pensións, e ese debate tense que producir no foro axeitado. Non se trata de aprobar medidas de pan para hoxe e fame para mañá, trátase de que as revalorizacións hai que mantelas no tempo.

O próximo martes os Grupos parlamentarios representados no Pacto de Toledo deben fixar posturas acerca da suficiencia das pensións, do mantemento do poder adquisitivo, da sostibilidade futura do sistema, da fenda de xénero e da desconfianza da cidadanía no sistema.

Cremos, desde o Grupo provincial do Partido Popular, que o responsable desde a Deputación é instar, incluso esixir, aos Grupos parlamentarios que integran o Pacto de Toledo a que cheguen a un acordo sobre todos estes temas, e non iniciar un debate aquí que non nos leva a ningures. Esta é a razón pola que presentamos a emenda.

Sra. Fraga Sáenz

Pola nosa banda rexeitamos a emenda, cremos que presentan isto nunha simple operación de maquillaxe, igual que se está facendo por parte do goberno do Partido Popular a nivel estatal, e ademais por coherencia, porque coa aprobación da Lei reguladora do factor de sostibilidade, desvincularon, como dicía a moción, a actualización das pensións co incremento do IPC, que foi unha das cousas que fixo saltar polos aires o Pacto de Toledo, e despois falan de demagogia e os datos recollidos na moción indican claramente cales son as prioridades que teñen, co cal, rexeitamos a emenda por parte dos dous Grupos que presentamos a moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Se ben compartimos o espírito da moción, si que nos gustaría facer unha serie de consideracións ao respecto, porque entendemos que fai unha análise un pouco

superficial dun tema e dun asunto que merece dunha reflexión máis profunda, e dío un voceiro que representa un Grupo que non é sospeitoso de non apoiar esta cuestión, e que deixou, por poñer algúns exemplos, 61.000 millóns de euros no fondo das pensións, fronte aos 7.000 que deixara o goberno do Partido Popular, que incrementou as mínimas un 50%, ou que incorporou ao sistema aos cuidadores profesionais, que sobre todo tratan con persoas dependentes.

Pero si que hai cuestións, sobre todo tendo en conta algúns dos acordos, que entendemos, como digo, que deberían de ser froito dunha reflexión un pouco máis profunda. Cando se fala de que as pensións públicas van a cargo dos presupostos xerais do Estado, é que realmente xa están incorporadas nos presupostos xerais do Estado, o que non sabemos é se se refiren vostedes a que se fagan a través da fiscalización, pero en tal caso, de ser así, debería de estar mellor explicado, polo menos minimamente explicado, porque se trataría dunha proposta concreta, e polo tanto entendemos que é froito dunha análise exhaustiva, e non dun acordo que, como digo, non aporta nada porque xa é así, e non se está a clarificar a través desta moción.

Falan tamén de derrogar a reforma das pensións de 2011 e 2013. Por poñer un exemplo, a de 2011, que pode ter aspectos negativos, tiña outros positivos, por exemplo o cálculo das pensións de viuvez, que ata ese momento facíanse co 53% da base de cotización e pasaron ao 58%. Polo tanto, tamén sobre esa derogación desa reforma deberíamos de facer unha análise en canto a aqueles aspectos que podían ser máis positivos dela ou menos negativos, e cribar uns dos outros.

Repito, entendemos desde o noso Grupo, e así o manifestamos penso que todos os que intervimos ata o de agora neste punto, que debe de volverse á senda do Pacto de Toledo, dinamitado sobre todo a raíz da contrarreforma do ano 2013 do Partido Popular, benvido o Partido Popular loxicamente se quere outra vez incorporarse a esa senda, como digo, do Pacto de Toledo. Pero si ben é certo que hai cuestións de análise que tamén compartimos, como o tema da reforma laboral, que efectivamente estamos nunha situación na que temos os mesmos cotizantes que no ano 2012, porén os ingresos da administración pública neses conceptos son inferiores, e iso a que se debe?, pois débese á precariedade do emprego e, polo tanto, está claro que, como ben se pon de manifesto aquí, no tema das pensións inflúen moitísimos mecanismos e moitísimas cuestións como esta que acabo de comentar.

Polo tanto, si deixar claro que, compartindo o espírito da moción e algunha das cuestións, pero entendemos que non se profunda moito, que hai moitas delas que se debería de matizar, a opción pola que opta o noso Grupo é a abstención.

Sra. Franco Pouso

Bos días a todos e a todas. Hoxe imos falar das pensións, eu diría máis ben que imos falar dun elo máis da cadea da escravitude na sociedade a que nos estamos afrontando.

Vimos algúns Grupos como o BNG xa denunciando desde o ano 2011 que isto era un camiño que non nos ía levar precisamente a unha sociedade do benestar.

Primeiro fixéronnos sentir aos cidadáns, aos veciños e veciñas, vergoña, culpáronnos da crise, sen asumir a responsabilidade de non exercer o labor de control da banca e de quen baseándose moito do descoñecemento da poboación, estábansenos enfudando preferentes, etc., etc., etc. Sei que non hai cartos, pero hai cartos para recuperar a banca, houbos, hai unha Constitución, que tanto envolta nunha bandeira se saca ultimamente a publicitar. Ese mesmo libro ten un artigo, o artigo 50, que pasa?, que aquí os artigos da Constitución son máis ou menos maleables ou esixibles cando nos vai ben para un lado ou para outro. Non se reforma, non se reformou, cando a banca, a quen rescatamos todos, puxo a nosa xente fóra das casas, provocou embargos e creou unha situación económica ás familias, desastrosa non, esa cuneta que antes facían referencia na intervención anterior, hoxe está chea de xente, pero chea de xente na cuneta da desesperación social, da fame e da precariedade.

Falan tamén por aí do Pacto de Toledo, pódenme dicir se esa xente que forma parte dese maravilloso Pacto de Toledo, non foron os mesmos que reformaron o mercado laboral, empobrecérono, precarizárono a tope e crearon a temporalidade como a nova fórmula de contrato? Pódennos dicir acaso que podemos estar falando de pensións sen falar da clase traballadora?, de cal clase traballadora, u-la? onde está? É acaso a clase traballadora dos autónomos ficticios?, doutra forma de atraco consentida, non só aos traballadores, á clase traballadora, senón ao propio Estado, ou aquí non sabemos que do que agora estamos tratando vai acabar privatizado en mans de compañías aseguradoras, que teñen axentes comerciais na rúa, pagando como autónomos, e en canto non rende dáselles unha patada?

Seguimos vendendo publicamente, e cambiándolle o nome aos autónomos, por certo, recordarlle que moitos deles, despois dunha vida de traballo non chegan a unha pensión de 700 euros, ímoslle vender a eses autónomos que agora lles cambian o nome, chámanse emprendedores, eses son agora os emprendedores, mentres os nosos fillos para os que traballamos e os formamos, estámoslles ofrecendo un mercado laboral de 400 euros, pero somos decentes?, hai decencia?, hai dignidade?, e a outra pregunta é: non nos chegou con cargarnos o futuro que agora tamén queremos deixar na mesma cuneta a quen, non sei, por qué agora non lles farán sentir vergoña á xente que pagou para ter unha pensión?, ou teralle que dar vergoña a un Goberno do Estado español que consinte que despois de estar durante anos aforrando nun peto se lles vaia dicir que a sanidade se lles alonxa e para viaxar non lles vai chegar a pensión para ir ao seu hospital máis próximo?, váiselle dicir a un pensionista que non vai poder pagar os 400 euros dun cambio de cristais dunhas gafas?, que lle van dicir vostedes aos pensionistas?, sexamos serios.

Por suposto que este non é o foro onde hai que debater isto, mais non se cubran nin se involvan en falsos documentos, nin en falsas bandeiras. Isto non deixa de ser un novo elo en privatizar, logo cando ao privado lle vai mal recuperámolo con recursos públicos, e logo volvémoslo a privatizar, todo iso amparado baixo unha palabra que sei que cabe case todo, democracia. Pois eu apelo a esa democracia, e que se sintan e nos sintamos todos como políticos dignos, e lle digan aos que teñen competencia no Parlamento español, que exerzan coa dignidade que lle debe de ser propia a calquera político, porque a política é a ferramenta para defender á cidadanía, non é a ferramenta para defender ás grandes financeiras, empobrecer á poboación e, por outro lado, non quero pensar que detrás de todo isto vai haber outra gravidade

que poida ser que os cidadáns entendan que os políticos, máis que para resolver problemas, estámoslles creando problemas. Só lles solicito que fagan unha profunda reflexión, e os que teñan responsabilidades, e dáme igual no marco que sexa, que actúen en consecuencia. A política é unha ferramenta para dignificar a nosa sociedade, e xa non me vou meter noutros asuntos que sería aínda máis enlamados.

Solicito que fagan unha reflexión e que pensen que mundo estamos creando, máis ca isto non deixa de ser un elo de axentes comerciais máis que políticos dignos.

Sra. García Gómez

Bos días de novo. Como se nota que estamos ás portas dunha campaña electoral, a demagogia funciona de marabilla, pouco máis e saímos de aquí dicindo que xa non imos chegar á xubilación.

Voulles recordar algo que pasou en 2011 cando chegamos ao Goberno. Efectivamente, houbo un rescate á banca, nunca se negou, pero nunca se rescatou a economía, nunca se interveu a economía do Estado, e vostedes iso era o que querían, e tivemos que aplicar unhas medidas, os famosos recortes, eses que tivemos que aplicar para chegar a onde estamos hoxe cun crecemento do 3% nos últimos tres anos.

Nos países que non se aplicaron esas medidas, voulle poñer o exemplo de Grecia, como están?, nos países socialistas onde vostedes poñían de exemplo que había que pedir o rescate, que había que axudar á economía, cómo están?, nós estamos aumentando un 0,25% nas pensións, efectivamente, é unha porquería, pero é que en Grecia acábanlle de reducir o 30% a todos os pensionistas nas pensións.

Insisto, o poder adquisitivo das pensións preocúpanos a todos. Vostedes en 2011 cun crecemento do IPC do 2,4% incumpriu a lexislación da revalorización das pensións vixente conxelando as pensións e provocando a maior perda de poder adquisitivo dos pensionistas na historia recente, e aí toda a esquerda agochou a cabeza, non había os brotes verdes. Conxeláronse as pensións porque se perderon máis de tres millóns de afiliados á Seguridade Social, o que provocou loxicamente que os ingresos se afundiran.

Nós agora, cun déficit altísimo herdado, as impopulares medidas que o goberno do Partido Popular tivo que aplicar, levou a que hoxe na prensa se diga que no ano 2017 cumpriuse por primeira vez o déficit nun 3,07% do PIB, e que levamos tres anos, insisto, en que a economía está medrando a ritmo superiores a un 3%. As famosas medidas vanse arranxar, vanse ir remendando, diso estade seguros, non porque se faga agora toda esta lea social, non é a lea social a que vai axudar a solucionar as medidas, nós tamén queremos solucionarlas, nós tamén cremos en que hai que mellorar o sistema das pensións.

Falaban antes de que rompemos o Pacto de Toledo co IRP. O IRP, índice de revalorizacións das pensións, foi produto das recomendacións do Pacto de Toledo e das orientacións comunitarias, modificouse, si, efectivamente, ese instrumento, e grazas a que se modificou nese momento, mantívose o poder adquisitivo, se o comparamos coa evolución do IPC, porque o IPC hai anos que resulta negativo

tamén. Nos últimos catro anos o número de pensións, ademais, nos últimos catro anos que leva funcionando o IRP, incrementouse nun 4,45%, ou sexa, 408.000 pensións máis, e a contía media da pensión subiu un 7,55%. Polo tanto, o IRP, aínda que non nos guste agora, o IRP que estivo en vigor desde o 2014 mantivo o poder adquisitivo á vez que se incrementou o gasto nas pensións.

Propónse tamén combater o déficit cunha cesta de impostos, pero que pretenden? aumentar a presión fiscal?, aumentar e elevar a presión fiscal ata o 39,8% do PIB? Nós cremos que a solución é crear emprego, non eliminar as medidas de emprego que nós puxemos, senón mellorándoas, temos que incrementar o emprego porque o incremento do emprego incrementa o número de afiliación, e o número de afiliación incrementa o número de recadación. E así o amosaron os datos tamén no 2017, a afiliación medrou a un ritmo de 3,4% e a recadación de 5,9 %, e supuxo a entrada de 6.612 millóns máis que en 2016.

Volvo, en serio, a pedir un pouco de consenso, deixemos aos nosos representantes traballar no seo da Comisión permanente do Pacto de Toledo. Traballando xa se chegaron a acordos importantes, chegouse ao consenso para o financiamento cos impostos dos gastos á xestión da Seguridade Social, chegouse ao consenso das bonificacións a cotizacións para incentivar a contratación, chegouse ao consenso nas pensións de viuvez, de orfandade, nas pensións mínimas, 80.000 galegos vanse ver beneficiados con este consenso.

E pouco máis me queda por dicir porque podería adentrarme no tema dos fondos, podería entrar no tema dos préstamos, pero insisto, calquera estratexia de reforma ha de ser unha decisión froito do consenso que se acorde na Comisión permanente a partir da semana que vén. Esa é a pedra angular para manter o poder adquisitivo e o sistema da Seguridade Social, e que ese acordo sexa constante, independentemente de quen governe en cada momento.

Sra. Fraga Sáenz

Moi brevemente, a min a verdade é que me dá vergoña escoitar ao Partido Popular falando destas cousas, sobre todo a custa de que está medrando a economía, de precarizar o presente e hipotecar o futuro, sen máis non vou entrar, creo que o espírito desta moción e a súa parte expositiva deixa claro e explica todo o que están facendo desde o Goberno do Partido Popular para arruinar as nosas vidas, do presente e do futuro.

O que si me entristece un pouco é o tema, dá un pouco... eu estiven calada mentres estaba dicindo unha serie de cousas que daba vergoña escoitar, así que por favor, se me permiten seguir traballando...- entristéceme o posicionamento do Partido Socialista, porque o outro simplemente me dá vergoña, entristéceme no sentido de que ata onte estaban apoiando este tipo de mocións en diferentes espazos nos concellos, e onte precisamente, despois da visita do seu secretario xeral a esta cidade, a poucos metros de aquí, co presidente presentando e un acto sobre as pensións, non sexan quen de poder escoitar á rúa, que a rúa leva semanas berrando, hai centos de miles de persoas na rúa berrando. Que se poden cometer algún tipo de erros nunha redacción puntual?, dubídoo, pero aínda así creo que temos que establecer ese diálogo con esta xente, e hoxe vimos aquí a traer a voz dese

movemento, que leva semanas na rúa e que se abrimos ese diálogo con eles e con elas quizais poidamos matizar determinadas cousas, pero que hoxe aquí, despois do de onte, despois de telo apoiado en diferentes concellos, se posicionen desa maneira, aí entrístéceme.

Unicamente quería seguir mantendo que nós vimos aquí a poñer voz a esa xente e nada máis. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu sempre fun unha persoa, por iso brilla tanto Oleiros, de aproveitar o tempo. Eu non sei o tempo dos demais, o meu vale ouro, nesta cámara debemos tratar asuntos que poidamos cambiar desde esta cámara, ou que inflúan para que desde esta cámara cambien algunhas cousas no país, polo tanto, aberto sempre a calquera achega que haxa nese aspecto. Eu o que diría, e pediría a todos os compañeiros, é que no futuro a esta Cámara traíamos eses asuntos, porque este tema é un tema que todos os que estamos aquí estamos preocupados, a min por exemplo cando me xubile, en vez de cobrar 2.580 euros, vou cobrar 2.300, ou 2.100, por esa lei que se acaba de modificar agora, polo tanto son un prexudicado tamén, pero o tema non é o agora, senón os que están prexudicados. Todos somos conscientes do que está pasando no país nese aspecto, aquí non o imos amañar. Eu vou votar todo o que sexa positivo, pero para nada, porque non imos a ningún sitio.

E cando se falaba por algúns intervenientes, neste caso a portavoz do Partido Popular, de exemplos doutros países, copien de Portugal, comunistas e socialistas, que lles incautaron, están levantando o país a un ritmo que non o ten ninguén en Europa, copien dos comunistas e dos socialistas de Portugal, ese é o tema, non hai que facer demagogia. Rememos todos para que os xubilados cobren o que teñen que cobrar, unha subida acorde cos tempos, pero estes non son os foros, cada un, os que estades aquí, todos tedes presenza en foros autonómicos ou españois, polo tanto, aí é onde tedes que levar o tema. Nada máis.

Sra. Franco Pouso

Eu xa fixen referencia a que este non era o foro. De feito o BNG levou as propostas, e moi concretiñas, ao Parlamento Galego. Pode soar a facer, dicía antes a compañeira do Partido Popular que estabamos ás portas dunhas eleccións, mire, as portas dunhas eleccións estaremos, pero as exencións fiscais fixéronas vostedes, as xubilacións anticipadas de moita xente, curiosamente de postos normalmente de traballadores da banca, para sacarlle as súas obrigas, empresas públicas privatizadas, amnistías fiscais, falsos autónomos, porque as multinacionais están inzadas de falsos autónomos, creen vostedes que non hai de onde recuperar diñeiro suficiente para crear emprego de calidade e para dar unhas pensións dignas?, unha pensión cando menos acorde co que se pagou, porque para iso se estivo pagando. Insístolle, non vai colar neste punto que sintamos vergoña que gastamos o que non tiñamos, e todo ese rolo, non, nas pensións non lle cola. Mais tamén quero facer fincapé, e darlle moitas grazas a toda esa xente que está na rúa solicitando unha pensión digna porque por primeira vez hai un colectivo que non só está defendendo a súa pensión, senón que lle está poñendo cara ao futuro deste país, porque eles están sufrindo a primeira. Veremos entón, tal como se goberna no Estado español, onde van acabar as seguintes xeracións, e eu xa non me preocupo por min, preocupome

por toda esa xente que temos con trinta anos sen ter a súa primeira ocasión de traballo, preocúpame porque si podía terse cambiado e recuperar e poñer á xente a recuperación de todas as prazas públicas que foron exterminando pouco a pouco, privatizando servizos que eran propios das administracións públicas.

E para pechar e non continuar nun debate, que aquí é certo que non imos, por desgraza, a conseguir nada, recordarlles a todos os que teñen representación no Congreso español, que teñen algo que facer alí, e esas cousas serán tamén as que lle recorden, aproveitando que as eleccións pasaban por aí, serán as que lle recorden cales eran as súas obrigas onde os puxo a cidadanía. Fáganse cargo que isto segue sendo outro elo, e fáganse vostedes responsables cando sentan nun Parlamento de cales son as súas obrigas como deputados e a quen representan e, sobre todo, paren xa de empobrecer este país, paren xa dunha vez, en nome dos que veñen detrás, dos que estamos e dos que van vir, porque xa vale.

(Abandona o salón o Sr. García Seoane).

Sr. Fernández Piñeiro

Por partes, sobre a intervención da compañeira de Marea dicir que transloce certa, dígoos sen acritude, vouno dicir doutra maneira, parece que hai unha malinterpretación do que aquí acabamos de dicir. Nós estamos debatendo unha moción cuns acordos, non estamos debatendo sobre se hai que incrementar as pensións ou non, que iso xa dixeran que no espírito da moción compartiamos ao cen por cento, agora o que se vai votar aquí son os acordos, se vostede reconece que pode haber algún erro nos acordos, loxicamente eu terei que poñelos de manifesto, e terei que establecer o meu discurso e a posición do noso Grupo con base nos acordos da moción. Puxen dous exemplos de dous acordos nos que, un deles non está nin sequera explicado, e en tal caso sería redundante, porque xa están incluídas nos orzamentos xerais do Estado, e non especifican vostedes se se refiren á fiscalidade, e iso que o dixeran na miña primeira intervención, ou non, e no outro é un exemplo dun incremento na porcentaxe de valoración das pensións de viuvez. Polo tanto, o seu discurso ía en canto en que hai que facer unha análise máis profunda. Di vostede que o que fai hoxe aquí é traer a voz daqueles que na rúa están a pelexar polas pensións, vostede e todos os que estamos aquí sentados, porque todos os que estamos aquí sentados representamos a cidadáns, entre os que hai pensionistas, empregados públicos, de empresas privadas, etc., etc.. Polo tanto si que deixa ver certo interese por capitalizar unha cuestión porque se a verdade en moitas ocasións cando o que se persegue é unanimidade dos Grupos, polo menos dos que estamos, imos dicir á esquerda, se quere velo así, sobre unha cuestión tan importante como esta, tamén se puido formular presentar a moción de forma conxunta, e non se fixo así. E, polo tanto, de facelo así, si poderíamos ter solucionado e corrixido algúns deses acordos da moción, que é o verdadeiramente importante, porque á exposición de motivos non se lle dá traslado, pero os acordos si que son o que se traslada e que teñen transcendencia.

Repito, o meu Grupo tamén apoia as reivindicacións desa xente, non dixemos en ningún momento que non apoiamos as reivindicacións, o que dixemos é que nesta moción non se explican adecuadamente, ou polo menos pormenorizadamente, ou polo menos en profundidade. Pero que quede claro que nos estamos abstenendo, non

estamos votando en contra, e o feito de que estivera onte o secretario xeral do noso Partido ou non, non inflúe en absoluto na postura deste Grupo, iso pódoo ter vostede suficientemente en conta.

Sobre o que dí a compañeira do Partido Popular de que hai demagogia porque estamos ás portas dunha campaña electoral, primeiro, sempre estamos ás portas dunha campaña electoral porque todos os anos hai eleccións, se non son europeas, son autonómicas, senón xerais e senón municipais, desgrazadamente para todos nós, co que iso implica, pero non me negará vostede que enviar unha carta vendéndolle as bondades dun incremento do 0,25 aos xubilados por parte da ministra, non deixa entrever certa demagogia tamén cando sabemos cal é a situación. E hai que ter en conta unha cuestión, o noso país medrou o ano pasado o 3% PIB, este ano está medrando agora o mesmo o 3%, e crese que o interanual acabará no 2,5%, un incremento do 0,25% cando por un lado se están vendendo as bondades da recuperación económica, parece que é contradictorio.

Polo tanto, é unha cuestión de vontade política, non tanto é unha cuestión técnica, que tamén, pero sobre todo de vontade política, sobre todo porque repito, se se están vendendo as bondades da recuperación económica, pero iso non vai parello con este tipo de medidas, dificilmente é sustentable, digamos, neste caso a postura do Partido Popular e do Goberno do Estado.

Simplemente aclarar, repito novamente, aclarar a nosa postura, e que en ningún caso, que quede moi claro, estamos en contra das reivindicacións que fan moitos e miles de pensionistas deste país neste momento, pero nin son as reivindicacións única e exclusivamente capitaneadas polo seu Grupo, senón de moitos, incluso de xente apolítica que está nesas manifestación. Moitas grazas.

Sra. Fraga Sáenz

Non para recortar tempos non, para ordenar os tempos, que é outra cousa, non é recortar, aquí non se pretende recortar o tempo de palabra de ninguén, simplemente falar con orde porque ademais sempre que falamos, vós sodes os únicos que cortades as intervencións, claro que hai que ordenar.

Simplemente, o tema de cando falamos de traer a voz, sen ánimo de capitalizar ningún movemento, referíame a que estamos traendo un texto elaborado por esas persoas que se presentou hai unha semana, que ben podían ter feito algún tipo de emenda, e podíamos terlla trasladado. Nós como o que trasladamos é o texto íntegro que elaboraron eses colectivos, é o que traemos aquí, sen ánimo de capitalizar. Nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 8 deputados (5 do BNG 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 22 deputados (13 do PP, 8 do PSOE e 1 de Alternativa dos Veciños, este último por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do BNG e Marea Atlántica e a abstención do PP, PSOE e Alternativa dos Veciños (por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico), aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE COMPOSTELA ABERTA E MAREA ATLÁNTICA EN DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) a nosa comunidade autónoma é a máis envellecida do Estado e na provincia da Coruña o colectivo de pensionistas supón o 23% da poboación.

Esta poboación envellecida foise empobrecendo progresivamente polo recorte sistemático das súas pensións, o que provoca unha perda de autonomía persoal e acrecenta as necesidades de mantemento dos servizos socio-sanitarios, e unha maior dependencia dos nosos maiores.

Por outra banda, os datos da Enquisa de Condicións de Vida 2016 indican que aproximadamente o 29,5%% das familias teñen a súa principal fonte de ingresos na pensión dunha persoa xubilada e deses ingresos dependen para a cobertura de necesidades básicas das súas familias.

A modificación legislativa realizada polo goberno do Partido Popular en 2013 (Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social), desvinculou a actualización das pensións do incremento do IPC e fixou o aumento anual entre o 0,25% e o 0,50%.

Neste contexto, coa actualización dun 0.25% e o incremento do IPC do 1,1% en decembro (evitamos considerar o dato anómalo que sempre adoita presentar o mes de xaneiro), volve producirse un ano máis unha perda de poder adquisitivo que coma sempre prexudica en maior medida ás pensións máis baixas. Na nosa comunidade a pensión media é de 895,49 euros (datos de xaneiro de 2018 para persoas residentes en Galicia), sendo a proporción de pensións por baixo do limiar da pobreza do 63%, cifra que está mais de dez puntos por riba da media estatal, e é a maior de todas as comunidades autónomas.

Esta situación é aínda máis gravosa no caso das mulleres. Segundo datos do IGE as pensionistas galegas cobraban a finais de 2016 (último dato publicado) unha media de 740,73 euros ao mes, fronte ao 1.018,67 euros dos varóns, o que supón unha diferenza de ingresos do 27'01%. O nivel de precarización no colectivo pensionista en xeral, pero no das mulleres é explícito: a media deixa a este segmento por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional. En Galicia, dúas de cada tres mulleres pensionistas cobran menos que a pensión media, mentres que dous de cada tres homes cobra máis que a pensión media.

En 2016, na nosa provincia as diferenzas fanse notables igualmente. Segundo datos do Instituto Galego de estatística a pensión media era 1061'65€ euros a pensión media dos varóns e 758'19 euros á das mulleres, unha diferenza do 28'66%.

Os datos amosan que as mulleres seguen sendo máis vulnerables, e evidencian que o problema da fenda nas pensións é un máis dos obstáculos coas que se atopan dentro do mundo laboral, senón que nin sequera o sistema de pensións realiza a corrección unha vez rematada a vida activa.

O goberno do PP realizou unha reforma laboral que precarizou as condicións laborais e salariais, baleirou o peto das pensións para pagar xuros de Débeda Pública, e rescatar entidades bancarias, empresas construtoras, grandes concesionarias e aos responsables da súa quebra, mentres se recortan salarios e dereitos como os das pensións públicas.

Está en xogo un dereito non só das e dos pensionistas senón tamén da masa traballadora. Se o goberno non busca saídas a esta situación, nos próximos anos pasaremos de ter unha taxa de risco de pobreza moi superior ao 19%, como recolle a Enquisa de Condicións de Vida 2016, e que sen dúbida, xunto co envellecemento, comprometen seriamente o futuro de todas e todos.

Por estes motivos, propónse ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña a adopción do seguinte

ACORDO

1.-Mostrar o rexeitamento deste pleno a que o aumento das pensións para este exercicio 2018 non fose parella ao aumento no custe da vida.

2.- Instar ao goberno do Estado para que:

- Garanta a actualización das pensións de acordo co incremento real do IPC.
- As pensións públicas vaian a cargo dos Presupostos Xerais do Estado.
- Se derroguen as reformas das pensións do 2011 e 2013 e se recuperen os dereitos socioeconómicos das persoas pensionistas e a idade de xubilación aos 65 anos.
- Incremente e equipare as pensións mínimas vixentes ao Salario Mínimo Interprofesional.
- Se derroguen as dúas reformas laborais, as de 2010 e 2012, debido a que as súas consecuencias nefastas para a calidade do emprego poñen en risco a sustentabilidade e o futuro das pensións.
- A prohibir, por lei, a libre disposición do Fondo de Reserva das Pensións para situacións de déficit de cotizacións."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Hai unha pregunta presentada por escrito previamente polo Grupo Marea Atlántica relacionada con cal é o estado do establecemento da titularidade pública dos parques comarcais de bombeiros da provincia da Coruña, en que momento o

deputado de área ten planificado informar do dito proceso aos Grupos da oposición, en que estado se encontra o proceso de comarcalización do servizo de bombeiros da área metropolitana da Coruña, tras ser activada nas comarcas de Ferrol e Santiago, segundo recolleron nas últimas semanas diversos medios de comunicación.

Contéstolles polo principio, sabedes que este proceso foi informado neste propio Pleno, no último Pleno, a unha pregunta neste caso de Compostela Aberta, do voceiro de Compostela Aberta, insisto, cunha novidade, como se informou naquel Pleno, é necesaria, seguindo a lexislación e os informes da secretaria e interventora do Consorcio, e así se está a facer nese organismo, constituír unha comisión de estudo que ditamine no prazo legalmente establecido de dous meses a idoneidade do modelo de xestión pública dos parques de bombeiros do Consorcio na provincia da Coruña. Como novidade respecto do Pleno anterior, está datado xa o Pleno do Consorcio para o día 9 ás doce e media, está confirmada tamén a composición da comisión mixta entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña, onde hai catro membros de cada unha delas, con distinto compoñente, técnica, económica e xurídica, tamén quero agradecer a colaboración do Concello da Coruña pola presenza dun técnico desde o punto de vista de asistencia técnica a esta Comisión. E por outra parte, en canto á comarcalización dos parques, que ao final son procesos que están totalmente vinculados, preguntan por que vai a distinto ritmo Santiago, Ferrol e Coruña, Santiago porque foi o Concello que puxo enriba da mesa primeiramente este tema, e a orde que expuxemos foi precisamente ese, primeiro o Concello de Santiago, segundo, e máis importante motivo, é porque é a zona onde hai sombra, sombra e falta de cobertura do servizo de extinción de bombeiros, que é loxicamente o motivo de maior peso de por que comezamos en Santiago ese proceso.

A diferenza de prazo é mínima, é dicir, Santiago foi hai escaso tempo, Ferrol é esta semana, e a continuación irá A Coruña, polo tanto, en pouco tempo podemos ver os avances que poidan darse e a concreción que poida darse en canto a acordos de comarcalización tamén coa cidade da Coruña.

Sra. Fraga Sáenz

Con respecto á resposta da primeira pregunta, agradecer a resposta, si matizar na cuestión da participación do persoal do Concello da Coruña que para outra vez estaría ben que nos preguntaran sobre a participación desas persoas, pero nada máis. E con respecto á segunda parte, a pregunta non vai por que vai a diferentes ritmos, senón é que teño comunicado co deputado responsable da área para pedirlle por favor que nos deixen participar dalgún xeito para trasladar non só a intención, o bo desexo do Concello da Coruña, senón tamén a propia voz dos bombeiros públicos, no noso caso do Concello da Coruña, para que se traslade a esa Comisión e non veñan despois cunha proposta pechada por parte da Xunta, e coa colaboración da Deputación, e que por favor que se nos teña en conta nese sentido. Non recibo esa resposta, estou temendo que, efectivamente, polos ritmos e polo que sei como se está traballando noutras cidades, que chegue unha proposta practicamente pechada á nosa mesa e cun prazo de resolución breve, e gustaríanos participar máis desa proposta, xa que supón unha demanda histórica, tanto dos propios bombeiros públicos, como dos concellos do calibre da cidade da Coruña, que ten un dos parques que sempre mostrou ese interese, e que ten moitas dificultades de cara a esa comarcalización, entón queríamos insistir no tema de que como parte, e como xa

temos expresado ese desexo de participar para facer unha boa proposta de comarcalización, que se nos teña en conta, e recibín o compromiso que non se materializou en todo este tempo.

Entón si pediría, non tanto que expliquen os ritmos, porque eu entendo perfectamente, sei porque foi o de Compostela así, pero si que creo que debemos de participar desa proposta de comarcalización, e non só atender a unha proposta que veña xa pechada e ademais prepechada por acordos con outras cidades. Ía máis por aí, porque por favor tomen nota, e no caso de que estea previsto, porque todo iso sabémolo por prensa, que estea previsto, que supoño que si, esa proposta de comarcalización para o parque da Coruña, que se nos deixe traballar o antes posible nesa proposta porque temos proposta.

Sr. Presidente

Creo que estamos errados na formulación, é dicir, calquera proceso de comarcalización que teña como base a utilización comarcal do parque da cidade da Coruña, será previamente cunhas negociacións, cun acordo co Concello da Coruña, porque aínda non empezamos. Aquí hai tres escenarios, un Concello, como é o de Ferrol, onde no seu día o Pleno provincial do Consorcio chegou a un acordo coa cidade de Ferrol, e nas condicións que están estipuladas no convenio, iso está asinado, pero nós somos conscientes do novo escenario político que hai en Ferrol, hai un novo representante público, que é o alcalde de Ferrol, que nos formula que non está de acordo coas contías dese convenio e, polo tanto, nós entendemos que ten razón, e por iso imos a Ferrol esta semana para negociar esas contías, non o resto do convenio, porque está totalmente de acordo o Concello co Consorcio Provincial, é dicir, en canto aos oito concellos que atende, en canto ás únicas dúas saídas que tivo ao longo do ano 2016 e 2017 ao Concello da Coruña desde o parque que presta servizo comarcalizado e Ferrol, por tanto, é un caso concreto de Ferrol.

O caso de Santiago urxiu o propio Concello de Santiago a que fixeramos unha reunión inmediata coa Consellería de Presidencia, fixemos a reunión, temos un marco de traballo e establecemos un pouco ese calendario, podíamos ter empezado polo da Coruña, non pasaba nada, a diferenza é menor. En calquera caso o que lle podes trasladar aos bombeiros, e non sei se bombeiras da cidade da Coruña, dicirlles que en breves días, pero que teñan a total seguridade que nunca se vai adoptar un acordo no Consorcio provincial de bombeiros que non leve o acordo dos traballadores do parque da Coruña, nese sentido podes ter todas as garantías do mundo.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Un rogo moi breve, Sr. presidente, moitas grazas. Teño escoitado ao presidente e algún portavoz do BNG neste caso, que o obxectivo do Plan único era delegar nos concellos. Eu estou de acordo, estou de acordo tamén en que non opino respecto da política de información que fai o Goberno provincial ao respecto das diferentes actuacións recollidas nese plan como consecuencia de decisións dos propios concellos, pero a verdade é que si que teño que manifestar o meu rexeitamento, rexeitamento deste equipo provincial ao que parece ser que aconteceu nalgunha ocasión, que de forma unilateral a Deputación fai publicidade sen informar ao Concello correspondente dunha determinada licitación dunha obra incluída no Plan

POS+, a instancias loxicamente do Concello, nese Concello, e creo que cando menos debería, ou ben establecer nas propias regras do Plan a forma de publicitar esas obras por parte dos concellos, loxicamente se o financiamento vén da Deputación é lexítimo que os concellos teñan que facer constar iso na súa política informativa, pero o que non resulta xustifico é que a Deputación faga publicidade dunha determinada licitación de xeito unilateral sen informar ao responsable, neste caso a alcaldesa dun determinado Concello da provincia.

Polo tanto, pediría que iso non fora un proceder habitual por parte do Goberno da Deputación, refírome ao Concello de Melide claramente.

Sr. Presidente

En calquera caso, varios aspectos nese sentido. Primeiro, nós temos dereito a informar dos investimentos que aquí se aproban no momento que consideremos oportuno, e polos medios que consideremos oportunos. Outra cousa é, ademais non é nada novidoso, eu recordo que a Corporación anterior anunciaba expresamente as obras que se facían no meu Concello, é dicir, a licitación do Concello era, pero o financiamento era provincial, pódese facer. Non é habitual, eu sinceramente nese sentido non hai ningunha instrución ao respecto, máis ben ao contrario, como sabe o portavoz do Partido Popular, cada vez que hai unha licitación nun Concello que lle afecte ao Partido Popular, eu persoalmente aviso a cada un dos voceiros, para avisalo.

Nese sentido, se hai algunha cuestión a corrixir por un tema de elegancia, por suposto que o noso estilo non é precisamente o contrario. Pode haber no caso de Melide un ritmo distinto, como queiramos chamalo, pero non é para alertar de nada, porque estamos falando dun caso concreto, dun, non nos damos por aludidos con carácter xeral.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente estou a trasladar, eu non son alcalde, pero hai alcaldes, e un alcalde érguese pola mañá e le na prensa, o ente provincial licitou por 179.000 euros a reurbanización dunha rúa en pleno camiño primitivo. Creo que por elegancia, é certo que vostede informa habitualmente, pero houbo un fallo, e eu loxicamente o que rogo é que non se repita. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.